# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 29 de xaneiro de 2016

**ASISTENTES:**

**Membros :**
Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
Mª José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
Dª. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**
D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
Dª. Mª Jesús Lago Rey
Dª. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
Dª. Angeles Marra Domínguez

**NON ASISTEN:**

Dª Mª. Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e nove de xaneiro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(64).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 15 de xaneiro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(65).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL. EXPTE. 116284/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.01.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Benestar Social, do 14.01.16, conformado polo xefe de área, polo asesor xurídico de área, pola concelleira-delegada de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*I. ANTECEDENTES*

*I.1. O Concello de Vigo asumiu en exclusiva a partir do exercicio de 2013 a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria das persoas usuarias do Concello de Vigo sen recoñecemento da situación de dependencia; servizo que ata esa data viña prestando a Deputación provincial de Pontevedra con recursos propios e as achegas económicas do IMSERSO e do Concello de Vigo.*

*I.2. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19.12.2013 (corrección de erro: XGL 14.02.2014), acordou adxudicar á mercantil "Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A." o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (TAD) por un prazo de 2 anos (prorrogable), contado desde o 01.02.2014 por un prezo total de 11,75 € usuario/mes (IVE incl.) e un custo máximo de 155.126,40 € IVE incl. (Exp. nº 82392/301; BOP nº 34, do 19.02.2014).*

*I.3. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 30.01.2014 (con Anexo do 21.02.2014), prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.*

*I.4. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.*

*I.5. A data efectiva de inicio deste contrato fixouse no 01.02.2014 (cláusula 4), polo que o acordo municipal de prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.*

*I.6. Tramítase o expediente administrativo co nº 116284/301 (2015) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:*

– *Resolución da Concellería delegada da Área de Política Social do 10.11.2015, ordeando a incoación de expediente administrativo.*

– *Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil "Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A." e (parte) do Prego de cláusulas administrativas particulares.*

– *Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 09.10.2015 (doc. nº 150128852) pola representante de "Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.", Dª. Sofía Currás Guerrero, solicitando a prórroga do contrato.*

*I.7. Tramitouse anteriormente, no Exp. nº 114883/301, a revisión de prezo deste contrato por efecto da variación (negativa) do IPC no periodo decembro 2013 – xaneiro 2014, que foi aprobada na sesión ordinaria da XGL do 25.09.2015, quedando establecido en 76.554,88 € (11,60 €/mes/usuario, IVE incl.).*

*II. NORMATIVA EXAMINADA*

- *CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).*
- *EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.*
- *L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- *L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*
- *ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).*
- *TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).*
- *RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.*
- *TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).*
- *L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.*
- *L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*
- *Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.*

*III. INFORME*

*Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.*

*III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.*

*III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).*

*III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que debería asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de fi-*

*nanciamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaránse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.*

*III.1.3. Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios debían continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderán tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoa como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.*

*III.1.4. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que "non se entenderá como exercicio de novas competencias", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

*III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE TAD MUNICIPAL: XUSTIFICACIÓN.*

*III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas.*

*III.2.2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrencia para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.*

*III.2.3. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.*

*III.2.4. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquél, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.*

*III.2.5. O contrato formalizado con "Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A." é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio. Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.*

*III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria, en xeral, a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo social de natureza tecnolóxica e carácter normalizador co que se procura a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual. Xustifícase a súa existencia na necesidade de facilitar unha atención domiciliaria a determinados colectivos especialmente vulnerables como o das persoas maiores, con minusvalías, dificultades de autonomía persoal, carencia de relacións persoais e familiares ou afectados por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas; situacións que a miúdo veñen acompañadas de sentimentos de soidade, angustia, inseguridade, aillamento, depresión, etc. Trátase con él de mellorar a súa calidade de vida e de permitirlles ás persoas que non necesitan coidados permanentes continuar no seu domicilio habitual e no ámbito no que desenvolveron a súa vida, evitando internamentos innecesarios en centros e coa tranquilidade de que en calquera situación de risco ou emerxencia serán atendidas con dilixencia.*

*III.3. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal subscrito o 30.01.2014, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación.*

*III.4. Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada pois a única variación do prezo prevista será a derivada da aplicación da fórmula de revisión de prezos (cláusula 7 PCAP e Apdo. 4.c] FEC), que non ten a consideración nin, polo tanto, os efectos dunha verdadeira modificación do prezo contrato (Arts. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).*

*III.5. O gasto representado por esta prórroga, que sería de 76.554,88 € (coa revisión do IPC que proceda), podería imputarse, agás indicación noutro sentido da Intervención xeral, á aplicación nº 2310.227.99.11 dos vixentes orzamentos municipais.*

*III.6. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación, deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado pola prórroga.*

*III.7. A competencia para aprobar a prórroga deste contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).*

*IV. CONCLUSIÓNS*

*Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 30.01.2014 polo Concello de Vigo coa entidade "Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.", toda vez que:*

*a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.*
*b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.*
*c) As características do contrato administrativo de servizos formalizado para a prestación do servizo de TAD permanecerán inalterables.*
*d) Constan neste informe, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta primeira prórroga proposta.*
*e) Consta a aceptación formal do contratista.*
*f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.*

*V. PROPOSTA DE ACORDO*

*Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,*

*«ACORDO*

*PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.02.2016 e ata o 31.01.2017, o contrato de servizos de teleasistencia domiciliaria das persoas usuarias do Concello de Vigo sen recoñecemento da situación de dependencia adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 19.12.2013 á mercantil "Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A." (CIF nº A-79022299) e formalizado en documento administrativo o 30.01.2014 (con Anexo do 21.02.2014), de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto de 76.554,88 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de "Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.", coa revisión do IPC que proceda, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.11.*

*TERCEIRO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».*

*Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(66).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A AGRUPACIÓN COLEXIO O CASTRO CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DO XX CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL. EXPTE. 14514/333.**
Visto o informe de fiscalización do 18.01.16, dáse conta do informe-proposta director deportivo do IMD, do 21.01.16, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

*Segundo consta neste expediente o Servizo de Montes, parques e xardíns, impuxo un aval de 1.000€, á entidade AGRUPACION COLEXIO O CASTRO , con NIF (G36657856), para responder por posibles estragos no parque de Castrelos, con motivo da celebración do evento deportivo denominado XX CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL, celebrado o pasado 18 de outubro de 2015.*

*Con data 16 de decembro de 2015, o Enxeñeiro de Montes, emite informe no que di que por parte dese servizo non existe inconveniente a que se proceda a devolución da fianza, xa que non houbo danos nos espazos utilizados, con data 18 de xaneiro de 2016, o Interventor Xeral, informa que non existe inconvinte para que se devolva a Agrupación Colexio o Castro a fianza constituída por unha cuantia de 1.000€, segundo consta na carta de pagamento (MANOIF- nº 201500064946 de data 2-10-2015)*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*PROPOSTA*

*Autorizar a devolución da fianza de 1.000€, imposto polo servizo de Montes, Parques e Xardíns, á AGRUPACION COLEXIO O CASTRO , con NIF (G36657856), para responder por posibles danos no parque de Castrelos, con motivo da celebración do evento deportivo denominado XX CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL, celebrado o pasado 18 de outubro de 2015.*

*Data:2/10/2015*

*Nº operación: 201500064946*

*Tipo Operación: MANOIF*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(67).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2016”. EXPTE. 17468/332.**
Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 16.12.15 e do 13.01.16 e de fiscalización do 18.01.16, dáse conta do informe-proposta do técnico medio en actividades culturais e educativas, do 15.01.16 conformado pola

concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Mediante Resolución de inicio de expediente de 06 de novembro de 2015, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2016".*

*No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:*

- *Resolución da Concelleira de Educación de 06/11/15 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación*
- *Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico de Educación de data 06/11/2015.*
- *Memoria xustificativa de data 06/11/15, redactada polo técnico de Educación.*
- *Prego de prescripcións técnicas (PPT) de data 06/11/15 redactado polo técnico de Educación.*
- *Informe de 30/11/15 da xefa do servizo de Contratación, de comprobación da documentación e de constancia da documentación.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 30/11/15 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.*
- *Dilixencia de 30/11/15 do Servizo de Educación para solicitude de informe do Servizo de Asesoría Xurídica.*
- *Informe da Asesoría xurídica municipal de 16/12/15.*
- *Informe-proposta de 18/12/15 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.*
- *Dilixencia de 12/01/16 do Servizo de Contratación, indicando os cambios introducidos no PCAP á vista das indicacións da Intervención Xeral.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/01/16, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.*
- *Dilixencia de Asesoría Xurídica municipal de data 13/01/16, de conformidade coas modificacións introducidas no PCAP.*

*As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:*

> *<u>Obxecto</u>: Xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2016", para a mellora da competencia linguística en inglés de estudantes de 4º da ESO e/ou 2º de Bacharelato matriculados en centros educativos de Vigo.*
>
> *<u>Duración</u>: Un (1) ano, máis outro periodo dunha duración máxima de nove meses e, en todo caso ata o 31 de decembro do ano 2017.*
>
> *<u>Prezo</u>: Estímase un prezo anual do contrato de 624.000,00 euros.*

*Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.17 do Programa Educativo "Aulas Internacionais" do ano 2016.*

*A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.*

*A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:*

*1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2016" por procedemento aberto.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas de 06/11/2015 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 12/01/2016 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2016" por procedemento aberto.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 624.000,00.-€ na anualidade de 2016 para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2016" por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo "Aulas Internacionais" do ano 2016.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 5(68).-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E DENEGACIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA O ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2016. EXPTE. 17412/332.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos o informe xurídico do 18.01.16 e o informe de fiscalización do 26.01.16, dáse conta do informe-proposta do técnico medio en actividades culturais e educativas, do 15.01.16, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 12 de Novembro de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:*

*1.Aprobar as Bases da Convocatoria de Bolsas "Concello de Vigo" de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2016.*
*2.Aprobar a autorización de gasto de 80.000.-€ con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do ano 2016, para a cobertura das 47 bolsas "Concello de Vigo" de estancias linguísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2016, quedando esta contía de 80.000.-€ supeditada á disponibilidade de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario futuro de 2016.*

*Incorpóranse ao presente expediente contido da acta da xuntanza mantida pola Comisión de Valoración celebrada en data do 14 de xaneiro de 2016, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas "Concello de Vigo" aos posibles bolseiros/as, consonte co punto noveno das Bases e Convocatoria específica das Bolsas "Concello de Vigo" para a participación en estadías lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2016.*

*Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto oitavo da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas "Concello de Vigo" ano 2016 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:*

*1.- Adxudicar as 47 bolsas "Concello de Vigo" ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (34 bolsas), francés (5 bolsas), alemán (2 bolsas), italiano (2 bolsas) portugués (2 bolsas), xaponés (1 bolsa) e chinés (1 bolsa).*

*ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 34 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Puntos |
|---|---|---|---|---|
| IN_035 | Garcia Argibay | Laura | 36172555 H | 10,25 |
| IN_023 | Sanchez Ramirez | Vicente | 53178143 G | 10,00 |
| IN_020 | Dagraza Valverde | Valeria | 39451961 S | 10,00 |
| IN_033 | Fernandez Da Silva | Miguel Alejandro | 36140952 V | 9,75 |
| IN_002 | Paredes Vargas | Monica Maria | 36103709 B | 9,25 |
| IN_041 | Reguero Berenguer | Luis | 36148446 J | 9,25 |
| IN_047 | Valtierra Iglesias | Maria Elena | 36133712 E | 9,25 |
| IN_004 | Miranda Varela | Pedro | 36158780 C | 9,25 |
| IN_039 | Perez Lopez | Ana Maria | 36093664 V | 9,25 |
| IN_011 | Martinez Meniño | Raquel Sofia | 53191257 P | 9,00 |
| IN_036 | Alvarez Paez | Javier | 36164765 W | 9,00 |
| IN_001 | Caceres | Natacha Carolina | X6084387 J | 9,00 |
| IN_038 | Souto Otero | Miguel Angel | 36099715 L | 9,00 |
| IN_031 | Reboreda Santamaria | Alfredo | 36149412 J | 8,75 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| IN_048 | Mota dos santos Bernardes | Daiane | 54430700 G | 8,75 |
| IN_024 | Costas Calle | Oscar | 53191383 L | 8,50 |
| IN_050 | Raposo Bouzas | Miguel Antonio | 36169963 W | 8,50 |
| IN_022 | Criado Ferreiro | Francisco | 39450796 T | 8,50 |
| IN_055 | Gomez Costas | Paula Josnie | 39465485 S | 8,50 |
| IN_026 | Rodriguez Menacho | Iria Maria | 36146829 Y | 8,50 |
| IN_003 | Collazo Fernandez | Lorena | 53192595 N | 8,50 |
| IN_030 | Calvar Viñas | David | 36157286 K | 8,50 |
| IN_046 | Rodriguez Otero | Maria | 53820627 Y | 8,25 |
| IN_045 | Nuñez Riveiro | Miriam | 36149086 D | 8,00 |
| IN_015 | Lorenzo Perez | Miriam | 36170013 Y | 8,00 |
| IN_054 | Davila Prado | Jessica | 53973701 S | 8,00 |
| IN_017 | Gonzalez Otheguy | Maria Marta | 39456567 K | 8,00 |
| IN_028 | Ansareo Dominguez | Carlos | 53199709 L | 8,00 |
| IN_053 | Losada Fernandez | Marta | 36154556 M | 8,00 |
| IN_009 | Boullosa Martinez | Luis Jose | 39467343 X | 8,00 |
| IN_057 | Alvarez Rodriguez | Javier | 46776030 X | 7,75 |
| IN_014 | Vazquez Solis | Silvana Andrea | 35586178 A | 7,75 |
| IN_025 | Cabo Martinez | Olalla | 36148567 L | 7,75 |
| IN_032 | Perez Blanco | Alba | 76733220 E | 7,75 |

*ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 5 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Puntos |
|---|---|---|---|---|
| FR_002 | Freaza Lage | Beatriz | 77007360 W | 11,25 |
| FR_003 | Villar Rivera | Silvia | 36157531 J | 10,50 |
| FR_004 | Quintas Cabello | Margarita Maria | 36042173 T | 10,50 |
| FR_006 | Iglesias Falque | Maria de las Nieves | 36098131 E | 10,00 |
| FR_009 | Vazquez Cortiñas | Maria Teresa | 53180296 H | 9,25 |

*ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 2 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (BERLÍN)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Puntos |
|---|---|---|---|---|
| AL_003 | Blanco Prieto | Sonia | 36153791 E | 11,25 |
| AL_008 | Dominguez Ballesteros | Sonia Maria | 36140092 P | 10,25 |

*ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 2 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ITALIANO (ROMA)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Puntos |
|---|---|---|---|---|
| IT_006 | Perez Soto | Aida | 36138628 Q | 10,75 |
| IT_010 | Torres Martinez | Eva | 52407226 R | 10,75 |

*ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 2 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (LISBOA)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Puntos |
|---|---|---|---|---|
| P_001 | Sacau Fontenla | Marta | 36132355 E | 11,00 |
| P_002 | Da Cruz Fachado | Eva | 53170381 Q | 10,75 |

*ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (TOKIO)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Puntos |
|---|---|---|---|---|
| X_003 | Caamaño Cancelas | Raquel | 36150448 Z | 10,25 |

*ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE CHINÉS (PEKÍN)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Puntos |
|---|---|---|---|---|
| CH_003 | Rey Silva | Laura | 39462619 R | 9,75 |

*2.- Conforme ao recollido na cláusula décimo segunda das Bases Reguladoras, pagar aos seleccionados/as, relacionados no punto anterior, un anticipo do 50% da contía total da bolsa, a cuxo desglose do 50% por idioma, corresponde: inglés 832,50.-€, francés 985,00.-€, alemán 840,00.-€, italiano 840,00.-€, portugués 790,00.-€, xaponés 962,50.-€ e chinés 867,50.-€*

*3.- Excluir aos seguintes solicitantes polos motivos que se citan*

*ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" NO IDIOMA DE INGLÉS*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | MOTIVOS DE EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|---|
| IN_058 | Otero Saenz de Lubiano | Iago | 53196559 C | A |
| IN_059 | Gomez Otero | Manuel Angel | 36158452 Z | B |

**Motivos de exclusión:*

- *A: por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base cuarta "beneficiarios e requisitos" da presente convocatoria, que di "ter aprobados dous cursos na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa".*
- *B: Nivel C non ofertado nas bases da convocatoria*

*4.- Incluir na lista de agarda das bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado da EOIV, que pasará a ter consideración de beneficiario/a das bolsas nos idiomas de inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os 47 bolseiros/as beneficiarios/as directos indicados nos primeiros listados (punto 1º), de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación:*

*ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Nivel Actual | Puntos | Orde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| IN_029 | Dominguez Santorum | Maria del Carmen | 35440062 Y | IntermedioII | 7,75 | 1 |
| IN_018 | Lopez - Gil Otero | Maria Jose | 36133775 Q | AvanzadoII | 7,75 | 2 |
| IN_021 | Rodriguez Prieto | Juan Manuel | 36090085 A | AvanzadoII | 7,75 | 3 |
| IN_027 | Rodriguez Gonzalez | Dario | 53187832 X | AvanzadoII | 7,75 | 4 |
| IN_034 | De Peroy Pereira | Silvia | 78739677 M | AvanzadoII | 7,50 | 5 |
| IN_010 | Garcia Rubio | David | 39494060 R | IntermedioIII | 7,50 | 6 |
| IN_008 | Lago Rivera | Paula | 36110079 X | IntermedioII | 7,50 | 7 |
| IN_037 | Del Rio Perez | Carlos | 36116690 C | AvanzadoII | 7,25 | 8 |
| IN_052 | Alvarez Ogando | Maria Esther | 36039350 Y | IntermedioII | 7,25 | 9 |
| IN_044 | Lorenzo Hermida | Ana Isabel | 36150187 Y | IntermedioII | 7,25 | 10 |
| IN_049 | Otero Diz | Maria Jose | 36119435 M | AvanzadoII | 7,25 | 11 |
| IN_040 | Fernandez Gonzalez | Cristina | 36118279 E | IntermedioII | 7,25 | 12 |
| IN_043 | Morata Costas | Noelia | 53187791 S | AvanzadoII | 7,25 | 13 |
| IN_007 | Garcia Dios | Jose Felix | 36049837 M | AvanzadoI | 7,00 | 14 |
| IN_012 | Cobas Roade | Marta | 53186269 B | AvanzadoI | 7,00 | 15 |
| IN_016 | Tella Fernandez | Ana Maria | 36088293 M | IntermedioII | 6,75 | 16 |
| IN_013 | Alonso Iglesias | Laura | 53192602 L | IntermedioII | 6,50 | 17 |
| IN_056 | Lorenzo Veiga | Blanca | 36156792 X | AvanzadoI | 6,50 | 18 |
| IN_005 | San Martin Bustabad | Maria Ines | 32688550 F | AvanzadoI | 6,50 | 19 |
| IN_006 | Atanes Carballo | Maria Dolores | 34965711 F | IntermedioII | 6,50 | 20 |
| IN_019 | Covelo Lopez | Jose Francisco | 36076814 A | IntermedioII | 5,75 | 21 |
| IN_042 | Benitez Benitez | Carmen Elena | Y 2164380 - W | IntermedioII | 5,50 | 22 |
| IN_051 | Vazquez Alonso | Francisco | 36153965 N | AvanzadoI | 5,50 | 23 |

*ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Nivel Actual | Puntos | Orde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| FR_005 | Paredes Alonso | Maria Elena | 36150217 J | AvanzadoI | 9,25 | 1 |
| FR_001 | Miranda Varela | Pedro | 36158780 C | IntermedioII | 9,25 | 2 |
| FR_008 | Garcia Gonzalez | Carmen | 39465270 F | AvanzadoI | 9,00 | 3 |
| FR_007 | Fernandez Costas | Maria del Carmen | 53180318 V | AvanzadoI | 7,75 | 4 |
| FR_010 | Fernandez Martinez | Pilar | 36112657 N | AvanzadoI | 7,25 | 5 |
| FR_011 | Padin Bascuas | Miguel Angel | 35318844 K | IntermedioII | 7,25 | 6 |

*ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ALEMAN (BERLIN)*

| Expte | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Nivel Actual | Puntos | Orde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AL_002 | Freaza Lage | Beatriz | 77007360 W | IntermedioII | 9,75 | 1 |
| AL_004 | Grandio Fra | Jessica | 53192150 G | IntermedioII | 9,50 | 2 |
| AL_007 | Alonso Gomez | Sergio | 36124939 N | IntermedioII | 9,25 | 3 |
| AL_005 | Rico Fuentes | Juan Jesus | 39459493 A | AvanzadoI | 9,00 | 4 |
| AL_006 | Vaquero Villamarin | Estefania | 53198528 B | AvanzadoII | 7,75 | 5 |
| AL_001 | Ricon Molina | Maria Rosario | 35915150 Y | IntermedioII | 6,75 | 6 |

*ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ITALIANO (ROMA)*

| Expte | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Nivel Actual | Puntos | Orde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| IT_004 | Viana De la Iglesia | Begoña | 36043905 F | AvanzadoI | 10,50 | 1 |
| IT_002 | Ramonde Fernandez | Iova | 36124631 A | AvanzadoII | 10,25 | 2 |
| IT_001 | Estevez Fernandez | Rosa Maria | 36075800 R | IntermedioII | 10,25 | 3 |
| IT_009 | Fernandez Arrizabalo | Belen Susana | 36057935 F | AvanzadoI | 10,00 | 4 |
| IT_011 | Exposito Miniño | Patricia | 36170084 P | AvanzadoI | 9,50 | 5 |
| IT_008 | Perez Folgar | Isabel | 36073506 F | AvanzadoI | 9,00 | 6 |
| IT_003 | Paredes Alonso | Maria Elena | 36150217 J | AvanzadoI | 9,00 | 7 |
| IT_007 | Aballe Riobo | Andreia | 39465361 Y | IntermedioII | 9,00 | 8 |
| IT_005 | Lopez Camba | Raquel | 36107905 K | IntermedioII | 7,75 | 9 |

*ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS ( LISBOA)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Nivel Actual | Puntos | Orde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| P_003 | Garcia Causo | Roberto | 10816853 E | AvanzadoII | 8,25 | 1 |
| P_005 | Gil Giraldez | Rodrigo | 76904071 Y | AvanzadoI | 8,00 | 2 |
| P_004 | Rodriguez Soto | Gladys | 53194990 S | AvanzadoI | 6,00 | 3 |

*ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (TOKIO)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Nivel Actual | Puntos | Orde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| X_002 | Otero Camaño | Miguel Angel | 76827498 T | IntermedioII | 10,00 | 1 |
| X_005 | Rajoy Sanroman | Eliezer | 53194161 Z | AvanzadoI | 9,75 | 2 |
| X_001 | Lamosa Garrido | Irene | 53185129 K | IntermedioII | 8,50 | 3 |
| X_006 | Vila Roman | Patricia | 36175738 G | AvanzadoI | 7,75 | 4 |
| X_004 | Carrillo Rodriguez | Lara | 39463272 X | IntermedioIII | 6,50 | 5 |

*ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE CHINÉS (PEKÍN)*

| Expte. | Apelidos Alumno | Nome Alumno | DNI \| NIE | Nivel Actual | Puntos | Orde |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CH_005 | Sanchez Castro | Alba | 39467407 M | IntermedioIII | 9,00 | 1 |
| CH_004 | Gomez Estevez | Lucia | 36149574 Z | IntermedioII | 9,00 | 2 |
| CH_001 | Perez Dasilva | Mercedes | 36136813 H | IntermedioII | 9,00 | 3 |
| CH_002 | Lorenzo Lerma | Pedro | 46144272 Q | IntermedioI | 8,25 | 4 |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(69).-BASES E CONVOCATORIA ORDINARIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2016)- ALUMNADO 3º ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 17631/332.**
Visto o informe xurídico do 8.01.16 e o informe de fiscalización do 26.01.16, dáse conta do informe-proposta do técnico medio de actividades culturais e educativas, do 20.01.16, conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de adxudicar a "Newlink Education, S.L" o procedemento aberto para a*

*contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School "VIGO EN INGLES" (expte. 16073-332) por un prezo total de 1.359.810.-€; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 e a oferta presentada. O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda ata o 31 de decembro de 2017. Segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014.*

*Dende fai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión linguística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingue, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.*

*O artigo 8 "cooperación entre administracións" da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.*

*Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:*

- *Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- *Artigo 25.2.l)Promoción da ocupación do tempo libre.*
- *Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo (VIGO EN INGLÉS), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfación e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.*

*O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia estas estadías linguísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha*

*maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración linguística, e achegarán ao persoal educativo dos Highs Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).*

*Neste senso e seguindo instruccións da Concelleira de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria ordinaria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “ VIGO EN INGLÉS 2016” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos. Igualmente, atendendo á vontade política da Alcaldía e seguindo instruccións da Concelleira de Educación, estase a tramitar tamén o expte 17468-332 para unha nova licitación por procedemento aberto dun novo contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2016”, que implicará o aumento na oferta de prazas para o alumnado participante, todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á considerable demanda que está a ter esta iniciativa didáctica municipal, que na anterior edición de 2015 tivo un total de 106 alumnos/as na lista de agarda da rede concertada, consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 no que se aprobaron as listas definitivas do programa de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2015” (expte. 16838-332).*

*O contrato en vigor do programa municipal “Vigo en Inglés” (expte. 16073-332), posibilita concretar una oferta inicial na convocatoria de 300 prazas, mais outras 110 prazas condicionadas á tramitación por parte do servizo de educación do expte. administrativo 17468-332 para a resolución final favorable de acordo de “novo contrato maior de servizos para xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo Vigo en Inglés 2016”.*

*Todo elo implicará que nesta convocatoria ordinaria do programa municipal “Vigo en Inglés 2016” se poderá ofertar un máximo de 410 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; nun proceso selectivo que outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no VIGO EN INGLÉS 2016, fronte ao alumnado da rede privada-concertada. Por elo se asigna un 65% de prazas á rede pública, é dicir, un total inicial de 195 prazas máis 72 prazas condicionadas, e un 35% de prazas á rede privada-concertada, é dicir un total incial de 105 prazas máis 38 prazas condicionadas; todo elo tendo en conta similiares porcentaxes de prazas adxudicadas na pasada edición Vigo en Inglés 2015.*

*Consonte ao antedito, as 300 prazas inicialmente ofertadas máis as 110 prazas condicionadas á resolución final favorable de acordo novo contrato maior de servizos para a xestión do programa Vigo en Inglés 2016, serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, desglosadas nun máximo de 267 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 143 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados.*

*A asignación dunha porcentaxe maior a prol do alumnado da rede pública persegue, por unha banda establecer unha medida compensatoria, partindo da base de que, con carácter xeral, existe unha correlación entre o nivel socioeconómico e a matriculación en centros públicos. Por outra, preténdese unha compensación en función das necesidades diferenciais de capacitación en lingua estranxeira: un estudo de avaliación realizado pola Universidade de Santiago de Compostela (Luis Sobrado, 2008), sobre rendemento académico, establece que en inglés (4º da ESO) o alumnado de centros públicos obtén case 10 puntos porcentuais menos cós seus compañeiros/as do ensino privado-concertado.*

*Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS) ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadías de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo , para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingue e intercultural.*

*Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademáis dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.*

*A implementación da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2016, implica a prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria "Newlink Education, S.L.", especializada na desenvolvemento de programas de inmersión linguística e con contrato en vigor por dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014; que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como , transporte, organización do programa lectivo de inmersión linguística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa, despois da selección de alumnado que realizará directamente este Servizo de Educación trala aplicación das bases e proceso que son obxecto do presente expediente.*

*No Prego de condicións técnicas para a contratación do VIGO EN INGLÉS, se explicita que corresponde ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, realizar a convocatoria específica para a selección dos participantes no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa para cada curso escolar; e polo tanto é obrigado proporcionar á empresa que resulte adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.*

*Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa VIGO EN INGLÉS 2016, cómpre desenvolver a "Convocatoria ordinaria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos", cuxa convocatoria ordinaria e bases son obxecto do presente expediente.*

*Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais, estimados nuns preto de 900 alumnos/as que, conforme aos datos recabados por este Servizo, cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota*

*media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2016 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar que se determina nas bases desta convocatoria ordinaria.*

*O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 946.624,62.-, con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais, correspondentes ao orzamento municipal de 2016.*

*Á vista do anteriormente expresado, achégase o texto de Bases da convocatoria ordinaria que se propón e incorpora no expediente, para que tras o preceptivo informe xurídico e da intervención municipal <u>se someta á consideración da Xunta de Goberno Local acordar o seguinte</u>:*

*Aprobar as "Bases e convocatoria ordinaria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS) convocatoria 2016", de acordo co texto que se achega no expediente.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*<u>BASES CONVOCATORIA ORDINARIA "VIGO EN INGLÉS 2016"</u>*

*<u>BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2016) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.</u>*

*Primeiro.- Obxecto*

*A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 410 prazas en réxime de concorrencia competitiva (300 en asignación directa segundo contrato en vigor do expte. administrativo 16073/332 e outras 110 prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo Municipal de Educación do expte. administrativo 17648-332 para resolución final de acordo de "contrato maior de servizos para a xestión,organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2016") entre o alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; desglosada esta oferta en 195+72 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e 105+38 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; a fin de que o alumnado solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica participe no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS) 2016, que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.*

*A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.*

*Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:*

*1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda*

*2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.*

*3.- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).*

*4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 10 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda*

*5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.*

*6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.*

*7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.*

*8.- Aloxamento en casa de familias anfitrioas de fala inglesa.*

*9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.*

*10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.*

*11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.*

*Segundo.- Contía*

*A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto sétimo desta convocatoria ordinaria. Igualmente a participación no programa é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2016.*

*O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2016, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa coa debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.*

*O importe total destinado a financiar as 410 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 946.624,62.-euros aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais (B.V.) do exercizo 2016.*

*Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2016*

*Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2016 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa http://www.vigoeningles.org. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.*

*1. Adxudicatarios e requisitos*

*Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:*

*1.- Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo sostido con fondos públicos do Concello de Vigo durante o curso académico 2015/2016*

*2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.*

*3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.*

*4.- Estar empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2016 , dato que será comprobado de oficio pola propia administración.*

*5.- Non ter concedida, no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade.*

*6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.*

*Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.*

*As 410 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, (300 prazas en asignación directa segundo contrato en vigor do expte. administrativo 16073/332 e outras 110 prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo Municipal de Educación do expte.administrativo 17468-332 para resolución final de acordo de "contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2016"); conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo de 195 +72 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 105+38 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.*

*2. Número de prazas e destinos*

*O programa consta de 410 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo dezasete destinos e máximo trinta e catro centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.*

*3. Duración da estadía*

*O programa, de tres semanas de duración, comezará na primeira quincena de setembro de 2016 e a data de finalización será como máximo a primeira semana de outubro. Con todo, o*

*calendario definitivo comunicarase aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa que resulte adxudicataria.*

*4. Programa lectivo*

*O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:*

*Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.*

*Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2016 que estiveron integrados neste.*

*5. Programa de actividades extraescolares e de lecer*

*O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias de acollida. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.*

*6. Viaxe e desprazamentos*

*O aeroporto de saída e chegada será o de Peinador de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes, As datas e horas previstas de saida e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.*

*7. Información e asistencia a participantes e familias*

*Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.*

*Cuarto.- Publicidade e prazo*

*A publicación da presente convocatoria, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, realizarase a través da páxina web do programa http://www.vigoeningles.org. e mediante*

*anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos e igualmente a través dos medios de comunicación locais.*

*A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do alumnado, números de expediente, centros educativos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), achega familiar que corresponda, será publicada na páxina web específica do programa http://www.vigoeningles.org e no taboleiro municipal. Nesta páxina web atoparase a disposición dos interesados toda a información complementaria que poidan necesitar para a presentación das solicitudes.*

*O prazo para a presentación das solicitudes será do luns 15 de febreiro de 2016 ao venres 26 de febreiro de 2016, ambos inclusive. A partir da data da publicación na páxina web da concesión das listaxes definitivas haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do Anexo V e realizar o pago da achega familiar si corresponde.*

*Quinto.- Solicitudes e documentación*

*Solicitudes:*

*Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II ao V) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, ou ben descargalos da páxina web http://www.vigoeningles.org.*

*A solicitude deberá ser asinada polos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a. Nela deberán explicitar a autorización do pai e nai ou titor/a legal, para solicitar por parte do Servizo de Educación a obtención de información fiscal da Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a solicitude de datos da Axencia Tributaria, as familias deberán xustificar documentalmente os seus ingresos achegando fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a expedido pola Axencia Tributaria.*

*Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.*

*No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo municipal de educación, xustificante do envío postal.*

*A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.*

*Documentación:*

*Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no Anexo I.*

*Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor do/a alumno/a solicitante (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).*

*Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitude de participación do Anexo I.*

*Anexo II e certificación académica orixinal, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 3º de ESO nun centro sostido con fondos públicos do Concello de Vigo no curso 2015/2016 e as cualificacións finais que deberá ter aprobadas todas as áreas ou materias cursadas en 2º de ESO;con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 7.*

*Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.*

*Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no Anexo III.*

*Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais. Teñen a consideración de circunstancias familiares especiais as seguintes que deberán acreditarse documentalmente, segundo proceda :*

*- Familia numerosa*

*- Pai/nai solteiro/a*

*- Divorcio ou separación*

*- Viúvo/a*

*Declaración de non ter concedida, no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no Anexo IV.*

*No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.*

*Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requerir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.*

*A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requeridas ou ocultando aquelas que o impediran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.*

*Sexto.- Tramitación e reparación de erros*

*A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei 30/1992 para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.*

*Sétimo.- Criterios de valoración e determinación de achegas familiares*

*A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,) :*

*a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:*

- *Nota final: 7 → 1 punto*
- *Nota final: 8 → 2 puntos*
- *Nota final: 9 → 3 puntos*
- *Nota final: 10 → 4 puntos*

*b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo:*

- *Categoría xeral → 1 punto*
- *Categoría especial → 2 puntos*

*A determinación de achegas familiares se asignará segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar recollido na seguinte táboa. A renda per cápita da unidade familiar, calcúlase como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o seu número de membros. Ten a consideración de ingresos da unidade familiar a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, e tamén os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns maiores de dezaoito anos con minusvalía superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).*

*A efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.*

*No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable a aquel deles que non conviva co alumno/a. Sen embargo, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas de patrimonio do cal incluiranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.*

*No caso de familias monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar sempre que se achegue xustificación documental da situación (libro de familia, sentenza divorcio, convenio regulador, certificado de defunción, etc.)*

| *TRAMOS RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR* | *ACHEGA FAMILIAR* |
|---|---|
| *Ata 6.000,00.-€* | *Exento* |
| *Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€* | *240.-€ (equivale ao 10% custe da praza)* |
| *Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€* | *360.-€ (equivale ao 15% custe da praza)* |
| *Maior de 13.001,00.-€* | *600.-€ (equivale ao 25% custe da praza)* |

*As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar.*

*A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 300+110 prazas que se van conceder, desglosadas nun máximo de 195+72 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 105+38 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.*

*No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.*

*Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados-concertados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados-concertados.*

*Oitavo.- Comisión de valoración*

*A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, un Técnico do Servizo de Educación e un funcionario/a do Servizo de Educación, que actuará como secretario/a. Este órgano colexiado emitirá unha proposta de resolución provisional na que se concretará o resultado da convocatoria de prazas para a participación no VIGO EN INGLÉS 2016,. Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria ordinaria.*

*A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.*

*Noveno.- Concesión e resolución das prazas*

*Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluirá unha relación provisional na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega, e finalmente contía asignada correspondente de achega familiar. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web http://www.vigoeningles.org. no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.*

*Décimo.- Aceptacións e renuncias*

*Os alumnos e alumnas que, logo do acordo expreso adoitado pola Xunta de Goberno Local, resulten adxudicatarios definitivos das prazas para participar no programa VIGO EN INGLÉS 2016 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no Anexo V nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da concesión definitiva da praza, acompañado naqueles casos que proceda do pertinente xustificante bancario de pagamento.*

*Para esto último, o Servizo Municipal de Educación comunicará con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para efectuar o pagamento pola contía asignada correspondente de achega familiar. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente....)*

*Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo V, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo de educación, a documentación necesaria (DNI/NIE e/ou pasaporte en vigor) para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados-concertados.*

*Décimo primeiro.- Expulsión do programa*

*Poderán ser causas para a expulsión dun alumno do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Serán motivos de expulsión inmediata os seguintes:*

*-O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.*

*-O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.*

*-O consumo ou a posesión de drogas.*

*-Condutas disruptivas e/ou comportamentos asociais.*

*-Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.*

*No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos polo seu regreso anticipado.*

*Décimo segundo.- Reclamacións*

*Fronte a esta convocatoria ordinaria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.*

*Décimo terceiro.- Disposición adicional*

*As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.*

*Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.*

*A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión.*

*Décimo cuarto.- Disposición final*

*A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria ordinaria.*

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CONVOCATORIA ORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016

(CUMPRIMENTAR EN LETRA DE IMPRENTA)

1. Datos do/a solicitante (pai e nai ou titor legal do/a alumno/a)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nome e apelidos do pai ou titor: | | | | | |
| Nome e apelidos da nai ou titora: | | | | | |
| DNI/ NIE pai ou titor: | | | | | DNI /NIE nai ou titora: |
| Endere | Rúa | N.º | Piso | Bloque | C.P. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| zo: | | | | | |
| | | | | | |
| Poboación: | | Provincia: | | | |
| Teléfono fixo: | | Teléfono móbil: | | | |
| Correo electrónico: | | | | | |

2. Datos do/a alumno/a

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Primeiro apelido: | | | | | | | |
| Segundo apelido: | | | | | | | |
| Nome: DNI / NIE | | | | | | | |
| Enderezo: | Rúa | N.º | Piso | | Bloque | | C.P. |
| | | | | | | | |
| Poboación: | | Provincia: | | | | | |
| Data de nacemento: | | Sexo: | | Home | | Muller | |
| Teléfono fixo: | | Teléfono móbil: | | | | | |
| Correo electrónico: | | | | | | | |

3. Observacións

| |
|---|
| Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc.: |

4 Datos académicos

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Centro no que estuda: | | | | | | | | | |
| Nivel de estudos no curso 2015/2016: | | | | | | | | | |
| Cualificación en Lingua inglesa en 2.º de ESO: | 7 | | 8 | | 9 | | 10 | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Todas as materias de 2.º de ESO aprobadas: | | Si | | Non |

5. Datos relativos ao adxudicatario

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| É de nacionalidade española ou residente legal: | | Si | | Non |
| Está empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2016 : | | Si | | Non |
| Está matriculado nun centro educativo sostido con fondos públicos de Vigo no curso 2015/2016: | | Si | | Non |
| Ten concedida , no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade que a presente: | | Si | | Non |

6. Documentación que achega (risque cun X)

| | |
|---|---|
| | Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do/a alumno/a. |
| | Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai e nai ou titor legal. |
| | Fotocopia simple e completa do libro de familia (en vigor) ou documentación acreditativa da titoría legal. |
| | Fotocopia do título de familia numerosa en vigor |
| | Fotocopia da sentenza de divorcio, convenio regulador, certificado de defunción. |
| | Fotocopia do certificado de discapacidade |
| | Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo na que conste estar matriculado en 3º da ESO no curso 2015/2016, a nota final en Lingua inglesa de 2º de ESO e ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO. |
| | Outros (especificar): |

AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL

Con motivo da solicitude de participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016), dou/damos expresamente o meu/noso consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO/ZAMOS ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información relativa á última declaración da renda aos efectos de comprobar a renda per cápita da unidade familiar.

| Parentesco | Nome e Apelidos | DNI / NIE | Sinatura |
|---|---|---|---|
| | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Alumno/a | | | |
| Pai / Titor / Outros | | | |
| Nai / Titora / Outros | | | |

Solicita, segundo o establecido na convocatoria do programa VIGO EN INGLÉS 2016, que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario e a publicación destes datos.

Sinaturas Solicitantes (pai e nai ou titor legal)    Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2016

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

CONVOCATORIA ORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016

Don/Dona:.........................................................................................................................,como director/a ou secretario/a do centro educativo ......................................................................................................................... verifica que o/a alumno/a ....................................................................................................

solicitante dunha praza no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016), organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo:

- Está matriculado neste centro en 3º da ESO no curso 2015/2016

- Ten todas as materias aprobadas de 2º da ESO e ten unha nota media en lingua inglesa en 2º da ESO de ............., para o cal achega aos efectos oportunos acreditación documental xustificativa (certificación académica orixinal)

Vigo, ......................... de .......................................... de 2016.

Asinado ..................................................................................

Selo do Centro

A N E X O III

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL

CONVOCATORIA ORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016

Don/Dona:............................................................................................................................ co DNI/NIE nº ......................................................, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a solicitante autorizo a …………......................................................................................................,

a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016) organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo durante o período setembro-outubro de 2016, e a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Asemade, quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza.

Vigo, ......................... de ......................................... de 2016

Asinado.

pai/nai/titor/a legal: ..................................................................................

ANEXO IV

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDADAS PARA A MESMA FINALIDADE

CONVOCATORIA ORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016

Don/Dona:..................................................................................................................................., co DNI/NIE nº ......................................................, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a ………….................................................................................., co DNI/NIE nº ....................................
Tendo presentado unha solicitude para a participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016), consonte as "bases e convocatoria ordinaria para a adxudicación de prazas no VIGO EN INGLÉS 2016 dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo"

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- ☐ Que non solicitei e non se me concederon, no ano 2016, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas
- ☐ Que solicitei e se me concederon ou están pendentes de resolución de concesión, no ano 2016 axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data de abaixo indicados

Asinado pai/nai/titor/a legal: ..................................................................................

Vigo, ......................... de .......................................... de 2016

ANEXO V

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA

CONVOCATORIA ORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016

DATOS DO SOLICITANTE

| | |
|---|---|
| DNI/NIE | |
| Nome | |
| 1º Apelido | |
| 2º Apelido | |

DATOS DO ALUMNO/A

| | |
|---|---|
| DNI/NIE | |
| Nome | |
| 1º Apelido | |
| 2º Apelido | |

| ACEPTACIÓN | RENUNCIA |
|---|---|
| | |

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS 2016 consonte coas bases da súa convocatoria ordinaria.

Sinatura do pai, nai ou titor legal                Sinatura do/a alumno/a beneficiario/a

Vigo ,      de                  de 2016

Servizo de Educación

Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS)

Praza do Rei s/n, Pranta 11ª

36202 Vigo

**7(70).-BASES E CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA PARA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2016) – ALUMNADO 2º BACHARELATO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17632/332.**

Visto o informe xurídico do 8.01.16 e o informe de fiscalización do 26.01.16, dáse conta do informe-proposta do técnico medio de actividades culturais e educativas, do 20.01.16, conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

*Dende fai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión linguística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ademáis a Comisión Europea no seu programa de traballo "Educación e Formación 2010" considera a comunicación nunha lingua estranxeira como unha das competencias claves para a sociedade do coñecemento, e a súa relevancia ven determinada porque propicia unha maior apertura cara ao mundo globalizado, convertíndose nunha ferramenta de comunicación fundamental na sociedade actual.*

*Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingue, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.*

*O artigo 8 "cooperación entre administracións" da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.*

*Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:*

- *Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- *Artigo 25.2.l)Promoción da ocupación do tempo libre.*
- *Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición extraordinaria para alumnado de 2º Bacharelato do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo (VIGO EN INGLÉS), que nas súas edicións*

*anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfación e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.*
*O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia estas estadías linguísticas previstas en Reino Unido, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertindo ao alumnado de 2º de Bacharelato de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración linguística, e achegarán ao persoal educativo dos Highs Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).*

*A lingua inglesa é sen dúbida, a lingua máis valorada internacionalmente, e o alumnado de 2º de bacharelato ao utilizala como vehículo de aprendizaxe vai mellorar o seu coñecemento tanto a nivel social como pensando nunha futura ocupación laboral, xa que ao valor da lingua inglesa como comunicadora entre distintas culturas, tamén cómpre salientar a importancia da lingua inglesa nos medios medios dixitais como internet ou calquera tipo de recurso tecnolóxico, sendo a lingua informática por excelencia.*

*Neste senso e seguindo instruccións da Concelleira de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria extraordinaria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo " VIGO EN INGLÉS 2016" dirixidas ao alumnado de 2º de Bacharelato de centros educativos do Concello de Vigo. Consonte ao anteriormente exposto, atendendo á vontade política da Alcaldía e seguindo instruccións da Concelleira de Educación, estase a tramitar o expte 17468-332 para unha nova licitación por procedemento aberto dun novo contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2016", que implicará o aumento na oferta de prazas para o alumnado participante, todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á demanda do alumnado da nosa cidade que está a cursar 2º de Bacharelato e que no ano 2013 non tivo a oportunidade de participar no programa municipal de "Vigo en Inglés" por ausencia da concreción de dita convocatoria anual que estivo motivada pola non existencia de dotación orzamentaria.*

*Esta convocatoria extraordinaria do programa municipal "Vigo en Inglés", posibilita concretar una oferta de ata un máximo de 150 prazas para alumnado de 2º de Bacharelato, desglosadas en 100 prazas para alumnado de 2º de Bacharelato escolarizado en centros públicos de Vigo, e 50 prazas para alumnado de 2º de Bacharelato escolarizado en centros privados de Vigo; todo elo condicionado á tramitación por parte do servizo de educación do expte. administrativo 17468-332 para a resolución final favorable de acordo de "novo contrato maior de servizos para xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo Vigo en Inglés 2016".*

*Este proceso selectivo de concorrencia competitiva, outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria extraordinaria específica para a selección do alumnado participante no VIGO EN INGLÉS 2016, fronte ao alumnado da rede privada. Por elo se asigna un 65% de prazas á rede pública, é dicir, un total inicial de 100 prazas, e un 35% de prazas á*

*rede privada, é dicir un total incial de 50 prazas; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados.*

*Igualmente no caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automáticamente á rede que teña lista de agarda; e do mesmo xeito de non cubrirse a totalidade de prazas ofertadas nesta convocatoria extraordinaria para 2º de Bacharelato, as posibles prazas vacantes acumularanse automáticamente á convocatoria ordinaria da edición do programa "Vigo en Inglés 2016".*

*A asignación dunha porcentaxe maior a prol do alumnado da rede pública persegue, por unha banda establecer unha medida compensatoria, partindo da base de que, con carácter xeral, existe unha correlación entre o nivel socioeconómico e a matriculación en centros públicos. Por outra, preténdese unha compensación en función das necesidades diferenciais de capacitación en lingua estranxeira: un estudo de avaliación realizado pola Universidade de Santiago de Compostela (Luis Sobrado, 2008), sobre rendemento académico, establece que en inglés (4º da ESO) o alumnado de centros públicos obtén case 10 puntos porcentuais menos cós seus compañeiros/as do ensino privado-concertado.*

*Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS) ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadías de 3 semanas en Reino Unido en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo , para alumnado de 2º da Bacharelato dos centros educativos do Concello de Vigo; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingue e intercultural.*

*Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademáis dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.*

*A implementación desta convocatoria extraordinaria no marco da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2016, implica a prestación do servizo por parte de empresa coa debida cualificación e especializada na desenvolvemento de programas de inmersión e integración linguística nun High School en periodo lectivo; que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como , transporte, organización do programa lectivo de inmersión linguística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa, despois da selección de alumnado que realizará directamente este Servizo de Educación trala aplicación das bases e proceso que son obxecto do presente expediente.*

*No Prego de condicións técnicas para a contratación do VIGO EN INGLÉS (expte.17468-332), se explicita que corresponde ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, realizar a convocatoria específica para a selección dos participantes no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa para cada curso escolar; e polo tanto é obrigado proporcionar á empresa que resulte adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.*

*Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa VIGO EN INGLÉS 2016, cómpre desenvolver a "Convocatoria extraordinaria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016) dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato de centros*

*educativos da nosa cidade”, cuxa convocatoria extraordinaria e bases son obxecto do presente expediente.*

*Unha das complexidades manifestas desta convocatoria extraordinaria é o importante número de destinatarios/as potenciais, estimados nuns preto de 600 alumnos/as que, conforme aos datos recabados por este Servizo, cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 6 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2016 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar que se determina nas bases desta convocatoria extraordinaria.*

*O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 360.000,00.-€ aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais, correspondentes ao orzamento municipal de 2016.*

*Á vista do anteriormente expresado, achégase o texto de Bases da convocatoria extraordinaria que se propón e incorpora no expediente, para que tras o preceptivo informe xurídico e da intervención municipal se someta á consideración da Xunta de Goberno Local acordar o seguinte:*

*Aprobar as “Bases e convocatoria extraordinaria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 2º de Bacharelato dos centros educativos do Concello de Vigo, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS) convocatoria 2016”, de acordo co texto que se achega no expediente.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*BASES CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA “VIGO EN INGLÉS 2016”*

*BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2016) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO.*

*Primeiro.- Obxecto*

*A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 150 prazas en réxime de concorrencia competitiva (condicionadas á tramitación por parte do Servizo Municipal de Educación do expte. administrativo 17468-332 para resolución final de acordo de “contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2016”) entre o alumnado do 2º curso de Bacharelato de centros educativos do Concello de Vigo; desglosada esta oferta en 100 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e 50 prazas para alumnado escolarizado en centros privados; a fin de que o alumnado solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica participe no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS) 2016, que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.*

*A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.*

*Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:*

*1.- Estadía durante tres semanas en Inglaterra*

*2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado en Inglaterra, onde se desenvolverá o programa.*

*3.- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).*

*4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 10 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Inglaterra*

*5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.*

*6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.*

*7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.*

*8.- Aloxamento en casa de familias anfitrioas de fala inglesa.*

*9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.*

*10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.*

*11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.*

*Segundo.- Contía*

*A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto sétimo desta convocatoria extraordinaria. Igualmente a participación no programa é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2016.*

*O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2016, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa coa debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.*

*O importe total destinado a financiar as 150 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 360.000.-euros aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais (B.V.) do exercizo 2016.*

*Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2016*

*Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2016 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa http://www.vigoeningles.org. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.*

*1. Adxudicatarios e requisitos*

*Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:*

*1.- Estar a cursar 2º de Bacharelato nun centro educativo do Concello de Vigo durante o curso académico 2015/2016*

*2.- Ter aprobadas todas as materias de 1º de bacharelato*

*3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 6 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 1º de bacharelato*

*4.- Estar empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2016 , dato que será comprobado de oficio pola propia administración.*

*5.- Non ter concedida, no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade.*

*6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.*

*Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.*

*As 150 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo Municipal de Educación do expte. administrativo 17468-332 para resolución final de acordo de "contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2016"; conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo de 100 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 50 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.*

*2. Número de prazas e destinos*

*O programa consta dun máximo de 150 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo doce destinos e máximo vintetrés centros educativos de integración (High Schools) diferentes de Inglaterra. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.*

*No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas para 2º de Bacharelato propostas nas presentes bases, as prazas vacantes acumularanse automaticamente á convocatoria ordinaria para alumnado de 3º de ESO dos centros sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo da edición correspondente a 2016.*

*3. Duración da estadía*

*O programa, de tres semanas de duración, comezará aproximadamente na primeira quincena de xuño de 2016, sempre despois da realización das probas de acceso á Universidade (PAU) ou Selectividade e a data de finalización será preferentemente na primeira semana de xullo. Con todo, o calendario definitivo comunicarase aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa que resulte adxudicataria.*

*4. Programa lectivo*

*O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas en Inglaterra, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:*

*Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) de Inglaterra , de nivel educativo equivalente á Bacharelato español e preferentemente previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.*

*Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2016 que estiveron integrados neste.*

*5. Programa de actividades extraescolares e de lecer*

*O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias de acollida. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.*

*6. Viaxe e desprazamentos*

*O aeroporto de saída e chegada será o de Peinador de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes, As datas e horas previstas de saida e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.*

*7. Información e asistencia a participantes e familias*

*Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a*

*viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.*

*Cuarto.- Publicidade e prazo*

*A publicación da presente convocatoria, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, realizarase a través da páxina web do programa http://www.vigoeningles.org. e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos de bacharelato do Concello de Vigo e igualmente a través dos medios de comunicación locais*

*A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do alumnado, números de expediente, centros educativos de procedencia,a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda) e achega familiar que corresponda, será publicada na páxina web específica do programa http://www.vigoeningles.org. e no taboleiro municipal. Nesta páxina web atoparase a disposición dos interesados toda a información complementaria que poidan necesitar para a presentación das solicitudes.*

*O prazo para a presentación das solicitudes será do luns 15 de febreiro de 2016 ao venres 26 de febreiro de 2016, ambos inclusive. A partir da data da publicación na páxina web da concesión coas listaxes definitivas haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do Anexo V e realizar o pago de achega familiar si corresponde.*

*Quinto.- Solicitudes e documentación*

*Solicitudes:*

*Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II ao V) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, ou ben descargalos da páxina web http://www.vigoeningles.org.*

*A solicitude deberá ser asinada polos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a. Nela deberán explicitar a autorización do pai e nai ou titor/a legal, para solicitar por parte do Servizo de Educación a obtención de información fiscal da Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a solicitude de datos da Axencia Tributaria, as familias deberán xustificar documentalmente os seus ingresos achegando fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a expedido pola Axencia Tributaria.*

*Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.*

*No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo municipal de educación, xustificante do envío postal.*

*A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de bacharelato do Concello de Vigo.*

*Documentación:*

*Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no **Anexo I**.*

*Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor do/a alumno/a solicitante (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).*

*Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitude de participación do **Anexo I**.*

***Anexo II e certificación académica orixinal**, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 2º de bacharelato nun centro educativo do Concello de Vigo no curso 2015/2016 e as cualificacións finais que deberá ter aprobadas todas as áreas ou materias cursadas en 1º de bacharelato; con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 1º de bacharelato, que deberá ser como mínimo dun 6.*

*Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.*

*Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no **Anexo III**.*

*Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais. Teñen a consideración de circunstancias familiares especiais as seguintes que deberán acreditarse documentalmente, segundo proceda:*

- *Familia numerosa*
- *Pai/nai solteiro/a*
- *Divorcio ou separación*
- *Viúvo/a*

*Declaración de non ter concedida, no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no **Anexo IV.***

*No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.*

*Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requerir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.*

*A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requeridas ou ocultando aquelas que o impediran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.*

*Sexto.- Tramitación e reparación de erros*

*A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei 30/1992 para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.*

*Sétimo.- Criterios de valoración e determinación de achegas familiares*

*A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,) :*

*a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:*

- *Nota final: 6 → 1 punto*
- *Nota final: 7 → 2 puntos*
- *Nota final: 8 → 3 puntos*
- *Nota final: 9 → 4 puntos*
- *Nota final: 10 → 5 puntos*

*b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo:*

- *Categoría xeral → 1 punto*
- *Categoría especial → 2 puntos*

*A determinación de achegas familiares se asignará segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar recollido na seguinte táboa. A renda per cápita da unidade familiar, calcúlase como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o seu número de membros. Ten a consideración de ingresos da unidade familiar a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, e tamén os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns maiores de dezaoito anos con minusvalía superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).*

A efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable a aquel deles que non conviva co alumno/a. Sen embargo, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas de patrimonio do cal incluiranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.

No caso de familias monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar sempre que se achegue xustificación documental da situación (libro de familia, sentenza divorcio, convenio regulador, certificado de defunción, etc.)

| TRAMOS RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR | ACHEGA FAMILIAR |
|---|---|
| Ata 6.000,00.-€ | Exento |
| Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€ | 240.-€ (equivale ao 10% custe da praza) |
| Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€ | 360.-€ (equivale ao 15% custe da praza) |
| Maior de 13.001,00.-€ | 600.-€ (equivale ao 25% custe da praza) |

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar.

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 150 prazas que se van conceder, desglosadas nun máximo de 100 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 50 prazas para alumnado escolarizado en centros privados.

No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados.

Oitavo.- Comisión de valoración

*A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, un Técnico do Servizo de Educación e un funcionario/a do Servizo de Educación, que actuará como secretario/a. Este órgano colexiado emitirá unha proposta de resolución provisional na que se concretará o resultado da convocatoria de prazas para a participación no VIGO EN INGLÉS 2016,. Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.*

*A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.*

*Noveno.- Concesión e resolución das prazas*

*Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluirá unha relación provisional na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada,lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega, e finalmente contía asignada correspondente de achega familiar. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web http://www.vigoeningles.org. no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.*

*Décimo.- Aceptacións e renuncias*

*Os alumnos e alumnas que, logo do acordo expreso adoitado pola Xunta de Goberno Local, resulten adxudicatarios definitivos das prazas para participar no programa VIGO EN INGLÉS 2016 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no* ***Anexo V*** *nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da concesión definitiva da praza, acompañado naqueles casos que proceda do pertinente xustificante bancario de pagamento.*

*Para esto último, o Servizo Municipal de Educación comunicará con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para efectuar o pagamento pola contía asignada correspondente de achega familiar. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente....)*

*Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo V, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo de educación, a documentación necesaria (DNI/NIE e/ou pasaporte en vigor) para a realización da viaxe,poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados.*

*Décimo primeiro.- Expulsión do programa*

*Poderán ser causas para a expulsión dun alumno do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Serán motivos de expulsión inmediata os seguintes:*

*-O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.*

*-O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.*

*-O consumo ou a posesión de drogas.*

*-Condutas disruptivas e/ou comportamentos asociais.*

*-Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.*

*No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos polo seu regreso anticipado.*

*Décimo segundo.- Reclamacións*

*Fronte a esta convocatoria extraordinaria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.*

*Décimo terceiro.- Disposición adicional*

*As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.*

*Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.*

*A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión.*

*Décimo cuarto.- Disposición final*

*A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria extraordinaria.*

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016

(CUMPRIMENTAR EN LETRA DE IMPRENTA)

1. Datos do/a solicitante (pai e nai ou titor legal do/a alumno/a)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nome e apelidos do pai ou titor: | | | | | |
| Nome e apelidos da nai ou titora: | | | | | |
| DNI/ NIE pai ou titor: | | | | DNI /NIE nai ou titora: | |
| Enderezo: | Rúa | N.º | Piso | Bloque | C.P. |
| | | | | | |
| Poboación: | | Provincia: | | | |
| Teléfono fixo: | | Teléfono móbil: | | | |
| Correo electrónico: | | | | | |

2. Datos do/a alumno/a

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Primeiro apelido: | | | | | | |
| Segundo apelido: | | | | | | |
| Nome: DNI / NIE | | | | | | |
| Enderezo: | Rúa | N.º | Piso | Bloque | C.P. | |
| | | | | | | |
| Poboación: | | Provincia: | | | | |
| Data de nacemento: | | Sexo: | | Home | | Muller |
| Teléfono fixo: | | Teléfono móbil: | | | | |
| Correo electrónico: | | | | | | |

3. Observacións

| |
|---|
| Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc.: |

4 Datos académicos

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Centro no que estuda: | | | | | | | | | | | |
| Nivel de estudos no curso 2015/2016: | | | | | | | | | | | |
| Cualificación en Lingua inglesa en 1.º de bacharelato: | 6 | | 7 | | 8 | | 9 | | 10 | | |
| Todas as materias de 1º de bacharelato aprobadas: | | Si | | Non | | | | | | | |

5. Datos relativos ao adxudicatario

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| É de nacionalidade española ou residente legal: | | Si | | Non |
| Está empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2016 : | | Si | | Non |
| Está matriculado nun centro educativo de Concello de Vigo no curso 2015/2016: | | Si | | Non |
| Ten concedida , no ano 2016, outra axuda coa mesma finalidade que a presente: | | Si | | Non |

6. Documentación que achega (risque cun X)

| | |
|---|---|
| | Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do/a alumno/a. |
| | Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai e nai ou titor legal. |
| | Fotocopia simple e completa do libro de familia (en vigor) ou documentación acreditativa da titoría legal. |
| | Fotocopia do título de familia numerosa en vigor |
| | Fotocopia da sentenza de divorcio, convenio regulador, certificado de defunción. |
| | Fotocopia do certificado de discapacidade |
| | Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo na que conste estar matriculado en 2º de bacharelato no curso 2015/2016, a nota final en Lingua inglesa de 1º de bacharelato e ter aprobadas todas as materias de 1º de bacharelato. |

| | |
|---|---|
| | Outros (especificar): |

| AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL | | | |
|---|---|---|---|
| Con motivo da solicitude de participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016), dou/damos expresamente o meu/noso consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO/ZAMOS ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información relativa á última declaración da renda aos efectos de comprobar a renda per cápita da unidade familiar. | | | |
| Parentesco | Nome e Apelidos | DNI / NIE | Sinatura |
| Alumno/a | | | |
| Pai / Titor / Outros | | | |
| Nai / Titora / Outros | | | |

Solicita, segundo o establecido na convocatoria do programa VIGO EN INGLÉS 2016, que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario e a publicación destes datos.

Sinaturas Solicitantes (pai e nai ou titor legal)    Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2016

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016.

Don/Dona:..........................................................................................................................,como director/a ou secretario/a do centro educativo ..........................................................................................................................
verifica que o/a alumno/a ........................................................................................................
solicitante dunha praza no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016), organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo:

–Está matriculado neste centro en 2º de Bacharelato no curso 2015/2016
–Ten todas as materias aprobadas de 1º de bacharelato e ten unha nota media en lingua inglesa en 1º de bacharelato de ............, para o cal achega aos efectos oportunos acreditación documental xustificativa (certificación académica orixinal)

Vigo, ......................... de ......................................... de 2016.

Asinado ..............................................................................

Selo do Centro

A N E X O III

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016.

Don/Dona:........................................................................................................................ co DNI/NIE nº ......................................................, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a solicitante autorizo a ………….........................................................................................................,
a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016) organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo durante o período xuño-xullo de 2016, e a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Asemade, quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza.

Vigo, ......................... de ......................................... de 2016

Asinado.

pai/nai/titor/a legal: ..................................................................................

ANEXO IV

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDADAS PARA A MESMA FINALIDADE

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016.

Don/Dona:......................................................................................................................, co DNI/NIE nº ......................................................, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a …………....................................................................................., co DNI/NIE nº ....................................

Tendo presentado unha solicitude para a participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2016), consonte as "bases e convocatoria extraordinaria para a adxudicación de prazas no VIGO EN INGLÉS 2016 dirixidas ao alumnado de 2º de Bacharelato de centros educativos do Concello de Vigo"

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

☐ Que non solicitei e non se me concederon, no ano 2016, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes dela

☐ Que solicitei e se me concederon ou están pendentes de resolución de concesión, no ano 2016 axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data de abaixo indicados

Asinado pai/nai/titor/a legal: ...................................................................................

Vigo, ......................... de ......................................... de 2016

ANEXO V

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA VIGO EN INGLÉS 2016.

DATOS DO SOLICITANTE

| | |
|---|---|
| –DNI/NIE: | |
| –Nome: | |
| –1º apelido: | |
| –2º apelido: | |

DATOS DO ALUMNO/A

| | |
|---|---|
| • DNI/NIE: | |
| • Nome: | |
| • 1º apelido: | |
| • 2º apelido: | |

| ACEPTACIÓN | RENUNCIA |
|---|---|
| | |

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS 2016 consonte coas bases da súa convocatoria extraordinaria.

Sinatura do pai, nai ou titor legal Sinatura do/a alumno/a beneficiario/a

Vigo , de de 2016

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(71).-GASTOS DE LOCOMOCIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS ATA NOVEMBRO 2015. EXPTE.27490/220.**

Visto o informe de fiscalización do 26.01.16, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.12.15, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.*

*Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vias e Obras, Desenvolvemento e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección), Cemiterios, Museos, Benestar Social, Educación, Prevención de Riscos Laborais, Normalización Lingüística e Medio Ambiente.*

*En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.*

*A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.*

*Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presencia en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).*

*Nos expedientes núm.: 74765 e 75761-250 de gastos correspondentes a D. Agustín Rodríguez Carballo, para o que segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2000, establécese un importe mensual de 120,02 €, procédese por este servizo de Recursos Humanos a deducir do citado importe, os días nos que o empregado disfrutou de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado e no informe do Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 01/04/2014.*

*No expediente 12454-77, xustifícanse gastos correpondentes a peaxes de autopista e aparcamento orixinados nos desprazamentos debidamente xustificados por motivos de traballo no mes de novembro de 2015 de D. Francisco Gutiérrez Orúe.*

*Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 8.112,94 €.*

*A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétase no listado subseguinte -que comeza por D. Rodríguez Carballo, Agustín e que remata en D. Pérez Montes, Luis-:*

| Nº Expte. | Servizo | Traballador | DNI | Nº Persoal | Mes | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 74765-75761/250 | VÍAS E OBRAS | Rodríguez Carballo, Agustín | 35.981.050-B | 77170 | 2º-3º TRIMEST | 575,09 |
| 3125-3139/443 | OSPIO | Ferro Mancho, Angel | 36.072.730-J | 79185 | OUT-NOV | 554,99 € |
| | | Lobato Cameselle, Ricardo | 35.999.817-X | 17489 | OUT-NOV | 548,53 € |
| | | Romero Gil-Delgado, Loreto | 36.064.307-P | 78929 | OUT-NOV | 573,42 € |
| | | Vázquez Rial, Ramón | 36.022.874-K | 13273 | OUT-NOV | 537,13 € |
| 12376-12454/77 | DESENVOLVEM | Gutiérrez Orúe, Francisco | 13.894.232-R | 13920 | OUT-NOV | 59,54 € |
| 388-391/201 | CONSERXERÍA | Fernández Amil, Fernando | 36.022.162-E | 13706 | OUT-NOV | 456,95 € |
| | | Yáñez Rodríguez, Julio | 36.031.496-H | 17822 | | 547,20 € |
| 150123509 | MOBILIDADE E SEGURIDADE | Roca Dafonte, José Manuel | 32.429.643-B | 15303 | OUTUBRO 15 | 197,79 € |
| | | Rodríguez Caramés, José M. | 35.547.314-D | 15355 | | 189,62 € |
| | | Bacelos González, José | 36.023.371-N | 15480 | | 177,08 € |
| 33210-32215/502 | SERVIZOS ECONÓMICOS | Fragua Jamardo, Vicente | 36.036.018-D | 15510 | AGO-OUT 15 | 600,97 € |
| | | Fernández Pedreira, Enrique | 36.042.726-R | 11529 | | 462,46 € |
| 32367-32372/502 | | Comesaña Rial, Manuel | 36.033.647-F | 9550 | | 787,55 € |
| | | Domínguez Vázquez, José M. | 36.006.131-E | 9361 | | 612,75 € |
| 32444-32446/502 | | González Campelos, Manuel | 35.997.315-S | 23656 | | 511,86 € |
| 10673-10706/255 | CEMITERIOS | Rodríguez López, Adolfo | 36.030.284-W | 76430 | OUT-NOV | 270,75 € |
| 150131963 | MUSEOS | Egea Torrón, Pilar | 50.806.376-C | 18543 | OUT-NOV | 5,70 € |
| 150143126 | | Rodríguez Fernández, Javier | 34.967.837-V | 80072 | | 22,80 € |
| 116774-116959/301 | BENESTAR SOCIAL | Díaz Sánchez, Marta | 36.172.105-M | 82992 | MAIO-OUT 15 | 84,31 € |
| 150147779 | EDUCACIÓN | Alonso Asenjo, Beatriz | 35.991.455-C | 15651 | OUTUBRO 15 | 61,14 € |
| 27256-27371/220 | PREVENCIÓN RISCOS LAB. | Cabeza Pereiro, M. Isabel | 36.114.676-F | 80660 | SET-NOV | 51,87 € |
| 2021-334 | NORMALIZACIÓN LISGÜÍSTICA | Souto González, Marta | 36.054.893-R | 23840 | ABRIL-DEC 15 | 129,77 € |
| 10329-306 | MEDIO AMBIENTE | Pérez Montes, Luis | 36.162.684-Z | 82145 | AGO-DEC 15 | 93,67 € |
| | | | | TOTAL | | ***8.112,94 €*** |

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:*

*I.- Artigo 24 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.*

*II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.*

*III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).*
*IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).*

*V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.*

*En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

*A C O R D O :*
*"Aprobar o gasto por un importe de 8.112,94 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Rodríguez Carballo, Agustín e que remata en D. Pérez Montes, Luis-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:*

| Nº Expte. | Servizo | Traballador | DNI | Nº Persoal | Mes | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 74765-75761/250 | VÍAS E OBRAS | Rodríguez Carballo, Agustín | 35.981.050-B | 77170 | 2º-3º TRIMEST | 575,09 |
| 3125-3139/443 | OSPIO | Ferro Mancho, Angel | 36.072.730-J | 79185 | OUT-NOV | 554,99 € |
| | | Lobato Cameselle, Ricardo | 35.999.817-X | 17489 | OUT-NOV | 548,53 € |
| | | Romero Gil-Delgado, Loreto | 36.064.307-P | 78929 | OUT-NOV | 573,42 € |
| | | Vázquez Rial, Ramón | 36.022.874-K | 13273 | OUT-NOV | 537,13 € |
| 12376-12454/77 | DESENVOLVEM | Gutiérrez Orúe, Francisco | 13.894.232-R | 13920 | OUT-NOV | 59,54 € |
| 388-391/201 | CONSERXERÍA | Fernández Amil, Fernando | 36.022.162-E | 13706 | OUT-NOV | 456,95 € |
| | | Yáñez Rodríguez, Julio | 36.031.496-H | 17822 | | 547,20 € |
| 150123509 | MOBILIDADE E SEGURIDADE | Roca Dafonte, José Manuel | 32.429.643-B | 15303 | OUTUBRO 15 | 197,79 € |
| | | Rodríguez Caramés, José M. | 35.547.314-D | 15355 | | 189,62 € |
| | | Bacelos González, José | 36.023.371-N | 15480 | | 177,08 € |
| 33210-32215/502 | SERVIZOS ECONÓMICOS | Fragua Jamardo, Vicente | 36.036.018-D | 15510 | AGO-OUT 15 | 600,97 € |
| | | Fernández Pedreira, Enrique | 36.042.726-R | 11529 | | 462,46 € |
| 32367-32372/502 | | Comesaña Rial, Manuel | 36.033.647-F | 9550 | | 787,55 € |
| | | Domínguez Vázquez, José M. | 36.006.131-E | 9361 | | 612,75 € |
| 32444-32446/502 | | González Campelos, Manuel | 35.997.315-S | 23656 | | 511,86 € |
| 10673-10706/255 | CEMITERIOS | Rodríguez López, Adolfo | 36.030.284-W | 76430 | OUT-NOV | 270,75 € |
| 150131963 | MUSEOS | Egea Torrón, Pilar | 50.806.376-C | 18543 | OUT-NOV | 5,70 € |
| 150143126 | | Rodríguez Fernández, Javier | 34.967.837-V | 80072 | | 22,80 € |
| 116774-116959/301 | BENESTAR SOCIAL | Díaz Sánchez, Marta | 36.172.105-M | 82992 | MAIO-OUT 15 | 84,31 € |
| 150147779 | EDUCACIÓN | Alonso Asenjo, Beatriz | 35.991.455-C | 15651 | OUTUBRO 15 | 61,14 € |
| 27256-27371/220 | PREVENCIÓN RISCOS LAB. | Cabeza Pereiro, M. Isabel | 36.114.676-F | 80660 | SET-NOV | 51,87 € |
| 2021-334 | NORMALIZACIÓN LISGÜÍSTICA | Souto González, Marta | 36.054.893-R | 23840 | ABRIL-DEC 15 | 129,77 € |
| 10329-306 | MEDIO AMBIENTE | Pérez Montes, Luis | 36.162.684-Z | 82145 | AGO-DEC 15 | 93,67 € |
| | | | | | **TOTAL** | ***8.112,94 €*** |

*Das seguintes partidas funcionais:*

| | *SERVIZO* | *TOTAL* |
|---|---|---|
| *1532* | *Vías e Obras-O.S.P.I.O.* | *2.789,16 €* |
| *9240* | *Participación Cidadá-Desenvolvemento Local* | *59,54 €* |
| *9200* | *Conserxería* | *1.004,15 €* |
| *1330* | *Mobilidade e Seguridade* | *564,49 €* |
| *9320* | *Servizos Económicos* | *2.975,59 €* |
| *1640* | *Cemiterios* | *270,75 €* |
| *3330* | *Museos* | *28,50 €* |
| *2310* | *Benestar Social* | *81,31 €* |
| *3230* | *Educación* | *61,14 €* |
| *9201* | *Prevención Riscos* | *51,87 €* |
| *3341* | *Normalización Lingüística* | *129,77 €* |
| *1721* | *Medio Ambiente* | *93,67 €* |
| | *TOTAL* | *8.112,94 €* |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(72).-RECLAMACIÓNS DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS-2015 (FAS), 2ª FASE. EXPTE. 27531/220.**

Visto o informe de fiscalización do 25.01.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 21.01.16, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Con data 22 de outubro de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas socio-sanitarias 2015-2ª Fase", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.*

*Contra ditas axudas presentaronse reclamacións por D. Joaquín Alonso Méndez, D. Diego Argibay Cusi, D. Jesús Carballo Magariños, Dª Elisa Caride Grandal, D. José Ramón Collazo Reugeiro, Dª Cristina Comesaña Denis, Dª Mª Cristina Costas Arán, D. Francisco J. Espiñeira Alvarez, D. Roberto Fernández Iglesias, D. David Lemos Martínez, D. Rafael Moledo Alonso, D. Manuel Otero Martínez, Dª Mª Cristina Otero Pino e D. Jaime Ferández Ríos, que foron resoltas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 18 de decembro de 2015, remitíndo a este Servizo de Recursos Humanos acordo ao respecto.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.*

*II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

*III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.*

*IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.*

*V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

*1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.*

*2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

*3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

*4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

*5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao*

*órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

*6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

*7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

*8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS)  tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

*VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.*

*En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*"Primeiro.-  Aprobar as reclamacións presentadas á concesión de axudas socio-santiarias 2015-2ª fase,  propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 18/12/2015 por un importe total de 4.604,00 € (catro mil seiscentos euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica*

| APELIDOS E NOME | DNI | Nº PERSOAL | Euros |
|---|---|---|---|
| ALONSO MÉNDEZ JOAQUÍN | 36032064-B | 23219 | 520 |
| ARGIBAY CUSI DIEGO | 36073019-A | 78745 | 400 |
| CARBALLO MAGARIÑOS JESUS | 76819393-Z | 80659 | 375 |
| CARIDE GRANDAL ELISA | 36077376-J | 82157 | 400 |
| COLLAZO REGUEIRO JOSE RAMÓN | 36055167-E | 22600 | 399 |
| COMESAÑA DENIS CRISTINA | 36022446-F | 15154 | 335 |
| COSTAS ARÁN Mª CRISTINA | 36077086-E | 23432 | 190 |
| ESPIÑEIRA ALVAREZ FRANCISCO | 42829873-D | 80613 | 150 |
| FERNANDEZ IGLESIAS ROBERTO | 36054727-L | 18419 | 350 |
| LEMOS MARTINEZ DAVID | 35563689-P | 78282 | 370 |
| MOLEDO ALONSO RAFAEL | 36105623-Q | 20899 | 200 |
| OTERO MARTINEZ MANUEL | 36044001-B | 17087 | 395 |
| OTERO PINO Mª CRISTINA | 36051073-E | 22556 | 520 |
| SUMA TOTAL | | | 4604 |

*Segundo.- Denegar a concesión de axuda socio-sanitaria a D. Jaime Fernández Ríos, dado que o tramo facilitado corresponde as retribucións facilitadas pola tesourería municipal.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(73).- PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE CEMITERIOS, NOVEMBRO 2015. EXPTE. 27419/220.**
Vistos os informes de fiscalización do 29.12.15, e o 22.01.16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 15.12.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 0212/2015, co visto e prace da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Novembro de 2015, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presencia do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de maña de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 05/11/2015 sinalan os dias nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias – sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade "a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € dia, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inxecusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demáis aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Produtividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de novembro-2015 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 964,60 €.*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

*Anexo*

| CONCELLO DE VIGO | | CEMITERIOS 255 | MES DE SETEMBRO | | ANO 2015 |
|---|---|---|---|---|---|
| *Nº Persoal* | *Apelidos e nome* | | *Importe día* | *Días traballados* | *Total euros* |
| *23490* | *Alfonso Paz, Jesús* | | *3,64* | *17* | *61,88 €* |
| *78372* | *Alvarez Lago, Jesús* | | *3,64* | *19* | *69,16 €* |
| *13600* | *Cabaleiro González, José* | | *3,64* | *20* | *72,80 €* |
| *77225* | *Cid González, Alberto* | | *3,64* | *18* | *65,52 €* |
| *77691* | *Conde Lorenzo, Héctor* | | *3,64* | *18* | *65,52 €* |
| *78122* | *Costas Riveiro, Rafael* | | *3,64* | *20* | *72,80 €* |
| *79828* | *Cousiño Sendin, Mª Concepción* | | *3,64* | *20* | *72,80 €* |
| *78924* | *González Seijo, Antonio* | | *3,64* | *21* | *76,44 €* |
| *23509* | *Márquez Losada, Manuel Enrique* | | *3,64* | *17* | *61,88 €* |
| *76563* | *Pereira Fona, Juan José* | | *3.64* | *18* | *65,52 €* |

| *Nº de persoal* | *Apelidos e nome* | *Importe día* | *Días traballados* | *Total euros* |
|---|---|---|---|---|
| *76430* | *Rodríguez López, Adolfo* | *3,64* | *18* | *65,52 €* |
| *82215* | *Rodríguez Torres, Javier* | *3,64* | *21* | *76,44 €* |
| *7224* | *Vila Abalde, Eliseo Silverio* | *3,64* | *21* | *76,44 €* |
| *77690* | *Vilanova Acuña, Delmiro* | *3,64* | *17* | *61,88 €* |
| | | *Importe total* | *265 días* | *964,60 €* |

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(74).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS DE GRAN GALA PRESTADOS POLA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DO "DÍA DA CONSTITUCIÓN". EXPTE. 27423/220.**

Vistos os informes de fiscalización do 30.12.15, e o 22.01.16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 15.12.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*A Policía Local remite a esta oficina de Recursos Humanos con data 7 de decembro de 2015, oficio relacionando os funcionarios que con motivo do acto do "Día da Constitución", prestaron servizos de Gran gala.*

*A instrución cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do per-*

*soal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixente, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimonias ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:*

*Actos de máis de 4 horas de duración: 118,58 €.*

*Actos de menos de 4 horas de duración: 63,23 €.*

*Se se prestase o servizo durante a xornada normal, de dito importe deducirase o valor das horas normais correspondentes.*

*No oficio remitido sinalase que os funcionarios relacionados realizaron os servizos fora da súa xornada habitual de traballo, polo que non corresponde o aboamento de cantidade algunha por outros conceptos nin o disfrute de permiso compensatorio do devandito servizo extraordinario.*

*Os funcionarios relacionados que realizaron os servizos de Gran gala o pasado 4 de decembro de 2015, fora da súa xornada de traballo, cunha duración de 5 horas, segundo Informe do Servizo da Policia Local de data 7/12/2015, son:*

| *Nº Persoal* | *Apelidos e Nome* | *Importe* |
|---|---|---|
| *16969* | *Fernández Sotelo, Juan Ramón* | *118'58 €* |
| *76476* | *Vicente Ferreira, José Ignacio* | *118'58 €* |
| | *TOTAL………………………………………………….........* | *237'16 €* |

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emjpregado Público, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo , nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014.*

*(EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*"Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do acto de celebración do "Día da Constitución", aboarase ao persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo xefe da Policía Local, de data 07/12/2015 e que de seguido se relacionan, por un total de 474'32 € (catrocentos setenta e catro euros con trinta e dous céntimos), con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións".*

| Nº Persoal | Apelidos e Nome | Importe |
|---|---|---|
| 16969 | Fernández Sotelo, Juan Ramón | 118'58 € |
| 76476 | Vicente Ferreira, José Ignacio | 118'58 € |
| | TOTAL…………………………………………………......... | 237'16 € |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(75).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CEMITERIOS- NOVEMBRO 2015. EXPTE. 27420/220.**

Vistos os informes de fiscalización do 29.12.15, e o 22.01.16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 15.12.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Con data 2/12/2015, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Novembro 2015, asi como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estructural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 471 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servicios na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estructural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada".*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 05/12/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Novembro de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.*

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estructura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de diciembre, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningun caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN*

*MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e productividade) e na contención do gasto.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-"Gratificacions", proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*"Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Outubro de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- "Gratificacions", por importe total de 1.105,40 €.*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina".*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

*Anexo*

| Nº Persoal | Apelidos e Nome | Importe |
|---|---|---|
| 13570 | Hermida Rodriguez, José Luis | 552'70 € |
| 13758 | Rosende Ríos, Gumersindo Manuel | 552,70 € |
| | IMPORTE TOTAL.................................................................... | 1.105,40 € |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(76).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2015. EXPTE. 27543/220.**

Vistos o informe de fiscalización do 22.01.16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 18.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de productividade correspondente ao mes de Decembro-2015, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".*

*No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula productos tóxicos e perigrosos correspondente ao mes de Decembro de 2015.*

*O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.*

*O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuidos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuizo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a productividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL),*

*LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inxecusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Produtividade", proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Produtividade", por importe de 469,55 €.*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina".*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación*

*do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

*ANEXO*

| *N.P.* | *Apelidos e Nome* | *Importe* |
|---|---|---|
| *16350* | *Seijas Álvarez, José Ramón* | *122,21 €* |
| *09722* | *Pardellas Avion, A. Avelino* | *51,46 €* |
| *22790* | *Sousa Atrio, José Manuel* | *115,78 €* |
| *81369* | *Seijas Fernández, Alberto* | *96,48 €* |
| | | *83,62 €* |
| *IMPORTE TOTAL..........................................* | | *469'55 €* |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(77).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2015. EXPTE. 27545/220.**

Vistos o informe de fiscalización do 22.01.16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 18.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Con data 05/01/2016, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Decembro 2015, asi como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estructural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 471 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servicios na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estructural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada".*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 05/01/2016 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Decembro de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.*

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estructura das retribucións complementarias – sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extra-ordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de diciembre, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningun caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e productividade) e na contención do gasto.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real*

*Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacions”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*“Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Decembro de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacions”, por importe total de 1.105,40 €.*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

*Anexo*

| Nº Persoal | Apelidos e Nome | Importe |
|---|---|---|
| 13570 | Hermida Rodriguez, José Luis | 552'70 € |
| 13758 | Rosende Ríos, Gumersindo Manuel | 552,70 € |
| | IMPORTE TOTAL................................................................... | 1.105,40 € |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(78).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2015. EXPTE. 27546/220.**

Vistos o informe de fiscalización do 22.01.16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 18.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 05/01/2016, co visto e prace da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Decembro de 2015, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presencia do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de maña de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 05/01/2016 sinalan os dias nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias – sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel <u>complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo</u>, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade "a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € dia, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inxecusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demáis aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto*

*920.0.1500000-"Produtividade", <u>propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:</u>*

*A C O R D O :*

*<u>Primerio</u>.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de novembro-2015 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 939,12 €.*

*<u>Segundo</u>.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*<u>Terceiro</u>.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

*Anexo*

| CONCELLO DE VIGO | | CEMITERIOS 255 | MES DE SETEMBRO | | ANO 2015 |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Per-soal | Apelidos e nome | | Importe día | Días traba-llados | Total euros |
| 23490 | Alfonso Paz, Jesús | | 3,64 | 14 | 50,96 € |
| 78372 | Alvarez Lago, Jesús | | 3,64 | 17 | 61,88 € |
| 13600 | Cabaleiro González, José | | 3,64 | 19 | 69,16 € |
| 77225 | Cid González, Alberto | | 3,64 | 17 | 61,88 € |
| 77691 | Conde Lorenzo, Héctor | | 3,64 | 13 | 47,32 € |
| 78122 | Costas Riveiro, Rafael | | 3,64 | 17 | 61,88 € |
| 79828 | Cousiño Sendin, Mª Concepción | | 3,64 | 18 | 65,52 € |
| 82456 | Costas Villar, Alberto | | 3,64 | 17 | 61,88 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *78924* | *González Seijo, Antonio* | *3,64* | *17* | *61,88 €* |
| *23509* | *Márquez Losada, Manuel Enrique* | *3,64* | *20* | *72,80 €* |
| *76563* | *Pereira Fona, Juan José* | *3.64* | *17* | *61,88 €* |

| *Nº de persoal* | *Apelidos e nome* | *Importe día* | *Días traba-llados* | *Total euros* |
|---|---|---|---|---|
| *82187* | *Quintas Pérez, José Juan* | *3,64* | *16* | *58,24 €* |
| *76430* | *Rodríguez López, Adolfo* | *3,64* | *18* | *65,52 €* |
| *82215* | *Rodríguez Torres, Javier* | *3,64* | *2* | *7,28 €* |
| *7224* | *Vila Abalde, Eliseo Silverio* | *3,64* | *17* | *61,88 €* |
| *77690* | *Vilanova Acuña, Delmiro* | *3,64* | *19* | *69,16 €* |
| | | *Importe total* | *258 días* | *939,12 €* |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(79).- ACTUALIZACIÓN DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 27576/220.**

Dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 21.01.16, conformado concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En datas 20/06/2014 e 29/08/2014 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS PARA O ÁMBITO DO CONCELLO DE VIGO DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO, E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014”.

Dada a vixencia actual da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2016 (BOE nº 260, do 30 de outubro do 2015) procede a súa actualización ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novedades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

-Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2016.
-Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

-Lei 5/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia.
-Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

COMPETENCIA

En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal (delegacións efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de mesma data); así como as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar a actualización das vixentes instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos, aprobadas en acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2014 e 29/08/2014, que pasarán a denominarse “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO” contidas no anexo único do presente acordo, do cal forma parte inseparable, dispoñendo a súa notificación aos Sres/Sras. Concelleiros/as-delegados/as de área, xefaturas de Área e xefaturas dos servizos para planificación dos obxectivos establecidos e cumprimento das mesmas, no marco legal e orzamentario vixente.

Segundo.- Deixar sen efecto os acordos da Xunta de Goberno local na materia que se opoñan ou contradigan ao contido do presente.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a notificación ou publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO ÚNICO

“INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO”

1.- MARCO LEGAL DE REFERENCIA

Constitúe obxecto das presentes instruccións a descripción, precisión e acotación dos conceptos e previsións legais, no ámbito das actividades de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo, contidas nas seguintes normas:

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo modificación contida na 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL).

-Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadasda entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, publicada no DOG do venres 30 de maio do 2014 e vixente dende o 31/05/2014.

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP).

-Lei 5/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia.

-Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2016.

-Actualizacións normativas de concordante e procedente aplicación.

2.- PREVISIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS:

-PERSOAL AO SERVIZO DAS ENTIDADES LOCAIS:

O persoal ao servizo do Concello de Vigo está integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de Dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramiento especial.

Os funcionarios públicos (de carreira ou interinos/as) ao servizo da Administración local se rexen, no non disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril; -Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 5/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia; e nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico, xunto coa restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación e normativa emanada das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución de 1978.

Con carácter xeral, os postos de traballo na Administración local e nos seus Organismos Autónomos serán desempeñados por persoal funcionario.

Corresponde exclusivamente aos funcionarios de carreira ao servizo da Administración local o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais. Igualmente son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado a funcionarios de carreira, as que impliquen exercicio de autoridade, e en xeral, aquelas que en desenvolvemento da presente Lei, se reserven aos funcionarios para a mellor garantía da obxetividade, imparcialidade e independencia no ejercicio da función.

O persoal laboral será seleccionado pola propia Administración ou Corporación Municipal aténdose, en todo caso, a idénticos requisitos que o persoal funcionario, segundo o establecido nos artigos 55 a 59 do TREBEP, e normativa de concordante aplicación.

As dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual no Concello deberá axustarse aos límites e requisitos previstos na Lei 27/2013, do 27 de decembro, para os municipios cunha franxa de habitantes de entre 75.000 e 500.000 habitantes, de xeito tal que o número de dotacións non poderá exceder do número de concelleiros/as s da Corporación local, estando suxeita a publicación semestral na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial a Provincia o número dos postos de traballo reservados a persoal eventual.

-PLANTILLA ORZAMENTARIA:

O Concello de Vigo aprobará anualmente, a través dos Orzamentos correspondentes, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

As plantillas deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse dacuerdo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal podan rebasar os límites que se fixen con carácter xeral.

A competencia para a aprobación da plantilla e das súas modificacións corresponde ao Pleno do Concello (artigo 123.1, apartado h da Lei 7/1985, do 2 de abril).

-RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) OU INSTRUMENTO EQUIVALENTE:

O Concello de Vigo formará a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Corresponde ao Estado establecer as normas con arranxo ás que haxan de confeccionarse as relacións de postos de traballo, a descripción de postos de traballo tipo e as condicións requeridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente polo que se refire á promoción dos funcionarios a niveis e grupos superiores.

A relación de postos de traballo e as súas modificacións deberán ser sometidas a un trámite de información pública por un prazo de 20 días, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, transcurrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non plantexarse reclamacións.

Están excluidas da obrigatoriedade de negociación colectiva aquelas decisións da Administración que sexan adoptadas no exercicio da potestade de autoorganización, a excepción de que se afecte ás condicións de traballo, en cuxo caso deberán ser sometidas a negociación colectiva (artigo 37.2, apartado a) do TREBEP). Igualmente, a determinación das condicións de emprego dos órganos directivos se atopa excluida da negociación colectiva (artigo 13.4 TREBEP)

Constituirase o Rexistro de persoal, coordinado cos das demáis Administracións públicas, segundo as normas que se aproben polo Goberno. Os datos inscritos en tal Rexistro determinarán as nóminas, a efectos da debida xustificación de todas as retribucións.

-OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO:

O Concello de Vigo formulará públicamente a súa oferta de emprego, axustándose aos criterios fixados na normativa estatal básica que resulte de aplicación.

En calquera caso, e segundo o disposto nos artigos 70.1 do TREBEP e 48.4 da Lei de Emprego Público de Galicia, unha vez aprobada e publicada a oferta de emprego público, os respectivos procesos selectivos convocaranse no prazo máximo fixado na mesma. <u>En todo caso, a execución da oferta de emprego público debe desarrollarse dentro do prazo improrrogable de 3 anos, a contar a partir do día siguiente ao da publicación de aquela no correspondente diario oficial.</u>

A selección de todo o personal, sexa funcionario o laboral, debe realizarse dacordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de

igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

De comformidade co disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, ao longo do exercicio 2016 únicamente se poderá proceder á incorporación de novo persoal con suxeción aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes, salvo a que poda derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.
Dita limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na Disposición transitoria cuarta do EBEP.

Respetando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, nos seguintes sectores e administracións a tasa de reposición fixarase ata un máximo do 100 por cen nas prazas e corpos seguintes:

1.Prazas encadradas nos corpos de Policía Local.

2.Prazas encadradas nas funcións relativas ao control da asignación eficiente dos recursos públicos; nas funcións de asesoramiento xurídico e na xestión dos recursos públicos, abarcando o dito concepto as seguintes prazas:

Funcionarios/as con habilitación de carácter nacional (Subescalas de Secretaría, Intervención-Tesorería e Secretaría-Intervención);
Técnicos de Administración Xeral (ramas xurídica e económica)
Tecnicos de Administración Especial (Economistas, Letrados, Asesores Xurídicos)
Técnicos medios de xestión
Técnicos medios de relacións laborais
Técnicos medios de servizos económicos

3.Prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

4.Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.

5.Prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

No suposto das prazas correspondentes ao persoal da policía local e de persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento, poderase alcanzar o cen por cen da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de Entidades locales que cumplan ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas locais ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacions de endeudamento.

Ademáis deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior como nos orzamentos vixente.

En relación con este último, a Entidade deberá adoptar un Acordo do Pleno ou órgano competente no que se solicite a reposición das prazas vacantes e no cal se poña de manifiesto que aplicando esta medida non se pon en risco o cumprimento do obxetivo de estabilidade orzamentaria. O indicado no presente parágrafo deberá ser acreditado pola correspondente Entidade Local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas.

Nos sectores e Administracións non recollidos no apartado anterior, a taxa de reposición se

fixará ata un máximo do 50 por cento.

Os anuncios de convocatorias de probas de acceso á función pública local e de concursos para a provisión de postos de traballo deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado.

As bases publicaranse no «Boletín Oficial» da Provincia, salvo as relativas ás convocatorias de probas selectivas para a obtención da habilitación de carácter nacional, que se publicarán no Boletín Oficial do Estado

-TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS:

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima a que se refire a LPGE 2016 aplicarase sobre a diferencia resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio 2015, deixaron de prestar servizos en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías previstos no epígrafe anterior (denominado "oferta de emprego público") e o número de empregados fixos que se tivesen incorporado nos mesmos no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado dende situacions que non conleven a reserva de postos de traballo.

A estes efectos, computaranse os ceses na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, pérdida da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Non computarán dentro ol límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

A LPGE 2016 contempla que a tasa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores definidos no artigo 20.Un.2 poderá acumularse en outro ou outros dos sectores contemplados no citado precepto ou en aqueles Corpos, Escalas ou categorías profesionais de algún ou algúns dos mencionados sectores, cuxa cobertura se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

-XORNADA DE TRABALLO:

A xornada de traballo dos funcionarios da Administración local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado, aplicándose as mesmas normas sobre equivalencia e reducción de xornada, permanecendo vixentes as Instruccións sobre xornada, horarios de traballo e réxime de ausencias aprobadas pola Xunta de Goberno local en acordos de datas 15/02/2013 e 20/05/2013 no que non se opoñan ao presente apartado.

-REQUISITOS PARA A SELECCIÓN DE DIRECTIVOS PÚBLICOS PROFESIONAIS:

O nomeamento dos coordinadores xerais e dos directores xerais, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, deberá efectuarse entre funcionarios de carreira do Estado, das Comunidades Autónomas, das Entidades Locais ou con habilitación de carácter nacional que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1, salvo que o Regulamento Orgánico Municipal permita que, en atención ás características específicas das funcións de tales órganos directivos, o seu titular non reúna dita condición de funcionario.

Os órganos superiores e directivos quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo

das Administracions públicas, e en outras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

-CONTRATOS DE COLABORACIÓN TEMPORAL EN RÉXIME DE DEREITO ADMINISTRATIVO:

Segundo o establecido na Disposición Transitoria 8ª da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) non poderán celebrarse polas Administracións locais contratos de colaboración temporal en réxime de Dereito administrativo, nin renovarse os existentes.

-LÍMITES AO INCREMENTO RETRIBUTIVO DO PERSOAL MUNICIPAL:

No ano 2016, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro do 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüedade do mesmo.

Comprende o concepto de retribucións, nos termos do previsto no TREBEP, Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, e demáis normativa de concordante aplicación, as seguintes categorías:

–retribucións básicas (soldo base, trienios e pagas extraordinarias)

–retribucións complementarias integrantes e asociadas aos postos de traballo existentes na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (complemento de destino e complemento específico)

–retribucións complementarias non fixas e periódicas por imperativo legal (complemento de productividade e gratificacións por servizos extraordinarios).

Polo que respecta á contía máxima a distribuir durante o ano 2014 para os complementos retributivos de produtividade e de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, estarase ao contemplado ás previsións da vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e nas Bases de execución dos Orzamentos Municipais para o ano 2016, aprobados polo Pleno.

A limitación ao incremento retributivo indicado, de conformidade co establecido na LPGE 2016 *"entenderase sen prexuizo das adecuacións retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo".*

En consecuencia, as eventuais adecuacións retributivas que no marco da xestión de recursos humanos se adopten, deberán cumprir os requisitos seguintes:

–singularidade (non tendo carácter colectivo nos termos do total de efectivos públicos integrados na plantilla municipal) e excepcionalidade (verificarase a inexistencia de adecuacións retributivas aplicadas en anteriores exercicios a idénticos colectivos, concretada na inexistencia de habitualidade).

–imprescindibilidade de realización da mesma dende a óptica do interese xeral municipal, con motivación obxectiva no contido dos postos de traballo, variación de número de efectivos asignados por programas, alteración funcional do contido do posto de traballo ou grao de consecución dos obxectivos predeterminados, entre outros parámetros.

–cuantificación económica do gasto proposto e da incidencia do mesmo no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais, en relación á adecuación retributiva concreta.

-APORTACIÓNS A PLANS DE PENSIÓNS DE EMPREGO OU CONTRATOS DE SEGURO COLECTIVOS QUE INCLÚAN A CONTINXENCIA DE XUBILACIÓN:

Segundo establece o artigo 19.Tres da LPGE 2016, durante o exercicio 2016, as Administracions, entidades e sociedades a que se refire o apartado Un do mesmo poderán realizar aportacions a plans de pensions de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, sempre que non se produza incremento da masa salarial da administración de referencia e sempre que os citados plans ou contratos de seguro tivesen sido suscritos con anterioridade ao 31 de decembro do 2011, estando o Concello de Vigo vinculado a tales efectos ao disposto no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07/03/2014 (expediente administrativo nº 24.810/220).

-DETERMINACIÓN DE SECTORES E SERVIZOS PRIORITARIOS A EFECTOS E SELECCIÓN E INCORPORACIÓN DE EFECTIVOS DE CARÁCTER TEMPORAL (FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS E/OU PERSOAL LABORAL TEMPORAL):

En cumprimento do establecido na LPGE 2016, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostenibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestructura viaria e outros equipamentos da sua titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

*g) Tráfico, estacionamento de vehículos e movilidade. Transporte colectivo urbano.*

*h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

*i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

*j) Protección da salubridade pública.*

*k) Cemiterios e actividades funerarias.*

*l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

*m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*n) Participar na vixiancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construcción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

*ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadans no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciones".*

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*"Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos siguientes:*

- *En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

- *Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

- *Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacions deportivas de uso público.*

- *Nos Municipios con pobación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.*

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes
–Recursos Humanos.
–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais.

3.- MATERIALIZACIÓN DO CONTIDO NAS DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS 1ª, 2ª e 3ª DA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO.

As presentes instruccións apróbanse sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias indicadas, así como das previsións de carácter transitorio da Lei 5/2014, do 27 de maio."

**17(80).- PRODUTIVIDADE A DNA. PATRICIA ROMERO GIL-DELGADO, POR XORNADA PARTIDA. (PARTICIPACIÓN CIDADÁ). EXPTE. 27426/220.**

Vistos o informe de fiscalización do 20.01.16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 15.12.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Recíbesen escritos do xefe de Participación Cidadá en data 01/12/2015, co visto e prace da Concellerio-delegado da Área, relacionando a empregada dona Patricia M. Romero Gil-Delgado (nº persoal 81278) adscrita a dito servizo e que ten dereito a percibir o complemento de*

*productividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente aos meses de Maio-2015 a Novembro-2015, na que se indica Nº de Persoal, nome e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*Dita funcionaria realiza a súa actividade laboral na Oficina Municipal de Distrito "A Miñoca" en réximen de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presencia do persoal municipal de lúns a sábado, en horario de mañá e tarde, según ás necesidades do Servizo.*

*Compróbase por parte deste Servizo que nas datas propostas para o aboamento do complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida a empregada municipal proposta, non tivo baixa por I.T. e disfrutou de días con cargo a vacacións, o día 30/10/2015 e no período comprendido entre o 6 e o 19/11/2015 e de permiso de asuntos propios dende 23/07/2015 ao 27/07/2015, verificándose por este servizo de Recursos Humanos o desconto dos días disfrutados para o trámite de dita productividade.*

*O complemento de productividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No citado Texto Refundido, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estructura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de diciembre, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de productividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de productividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da productividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de productividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instruccións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de productividade "a dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3'64 € dia, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servicio.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e productividade) e na contención do gasto.*

*Asi mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de productividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de productividade deberán respectar, inxecusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demáis aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*A C O R D O :*

*Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de productividade a dona Patricia M. Romero Gil-Delgado (nº persoal 81278), pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, pola cantidade de 411,32 €, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade".*

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(81).- CONVOCATORIA DE AXUDAS DE ESTUDOS (FAS) 2015-2016. EXPTE.27540/220.**

Vistos o informe de fiscalización do 19.01.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 15.01.16, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- En escrito de data 05/01/2016, a Secretaria da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite ao Servizo de Recursos Humanos oficio comunicando que en sesión de data 18/12/2015, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas de estudios curso 2015-2016, que ascenden a un importe de 120.000 €, destinados a axudas para estudios das e dos empregados públicos municipais, e descendentes no primeiro grao de consanguineidade, destinados a cubri-los gastos de garderías e á obtención de titulos oficiais, impartidos en centros de ensinanzas públicos ou privados debidamente acreditados e homologados.*
*2.- O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:*

*CONDICIÓNS XERAIS*

*1.- Ámbito persoal e beneficiarios.*

*Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, e fillos/as menores de 25 anos , que non teñan ingresos e convivan con este/a.*

*O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.*

*No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.*

*2.- Prazo de presentación de solicitudes.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

*3.- Solicitudes e documentación complementaria.*

*a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase a/ao solicitante.*

*b) Documentación :*

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Matrícula do centro (a partir de 15 anos cumpridos).*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Matrícula gardería.*

*c) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.*

*4.- Procedemento e resolución.*

*a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación por parte da Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.*

*Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requerir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.*

*Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.*

*A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou do-*

*cumentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.*

*b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribuccións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:*

*TRAMO I - Menos de 26.000 €*
*TRAMO II - De 26.001 € a 30.000 €*
*TRAMO III - De 30.001 € a 38.000 €*
*TRAMO IV - De 38.001 € a 50.000 €*
*TRAMO V - Máis de 50.001 €*

*c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.*

*Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.*

*A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.*

*d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.*

*5.- Contía da axuda.*

*A estimación apróximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:*

| CLAVES | TRAMO 5 | TRAMO 4 | TRAMO 3 | TRAMO 2 | TRAMO 1 |
|---|---|---|---|---|---|
| CLAVE 1 | 55€ | 65€ | 90€ | 120€ | 140€ |
| CLAVE 2 | 65€ | 85€ | 115€ | 160€ | 180€ |
| CLAVE 3 | 135€ | 150€ | 190€ | 240€ | 290€ |

| | |
|---|---|
| CLAVE 1 | GARDERIAS E PREESCOLAR |
| CLAVE 2 | PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC. |
| CLAVE 3 | UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR |

*A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas ou orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.*

*Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.*

*2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

*1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.*

*2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

*3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

*4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

*5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

*6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

*7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

*8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

*II.- No artigo 7 do regulamento contémplase que:*

*"As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:*

*-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.*

*-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.*

*-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

*-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.*

*-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuidas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes."*

*III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficarios das axudas, que:*

*"1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.*

*2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.*
*O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.*

*As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico)."*

*IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:*

*"Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estrictos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente."*

*A este respecto, déixase constancia expresa de que o Servizo de Recursos Humanos informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, <u>aos estrictos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total das axudas propostas</u>, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudio, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.*

*V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 331.506,05 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.*

*VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte <u>PROPOSTA DE ACORDO:</u>*

*"Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 18/12/2015 e remitida a este servizo en data 05/01/2016 e, en consecuencia, aprobar as convocatoria de axudas de estudios 2015-2016 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).*

*Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social."*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

<u>**Acordo**</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(82).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:**

**A) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA PARA OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2016. EXPTE. 27510/220.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 18.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- En data 18/12/2015 foron recibidas solicitudes de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o servizo de Limpeza, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:*

| *Posto* | *Servizo* | *NP* | *Nome* |
|---|---|---|---|
| *Operario* | *Limpeza* | *17868* | *Arango Fernández, Luciano* |
| *Xefe de Quenda* | *Limpeza* | *15527* | *Garrido Marcos, J. Manuel* |
| *Operaria* | *Limpeza* | *80684* | *Quintela González, Elsa* |
| *Operaria* | *Limpeza* | *80682* | *Riveiro Cea, Lidia Mª* |
| *Inspector* | *Limpeza* | *15088* | *Sola Quiroga, José C.* |
| *Of. Conductor* | *Parque Móbil* | *80454* | *Puente Veiga, Alfonso* |
| *Of. Conductor* | *Parque Móbil* | *80679* | *Alonso González, Ángel* |
| *Of. Conductor* | *Parque Móbil* | *15450* | *Quintas Pérez, Manuel* |

*Por parte do servizo solicitante estímanse un total de 384 horas, a realizar durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2016, para realizar os traballos de limpeza que non é posible realizar no horario normal da quenda de mañá pola influencia que teñen sobre o tráfico rodado e peonil, e os problemas de seguridade vial que inducirian.*

*2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 07/01/2016 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:*

*I.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicacion expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, asi como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no*

*cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.*

*III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e productividade.*

*Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reduccións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estructurais sen incremento do gasto público.*

*IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Resolución do Excmo. Sr. Alcalde de data 19/04/2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao servizo de Limpeza e oficiais conductores do Parque Móbil, que seguidamente se indica:*

| *Nº Persoal* | *Apelidos e Nome* |
|---|---|
| *17868* | *Arango Fernández, Luciano* |
| *15527* | *Garrido Marcos, J. Manuel* |
| *80684* | *Quintela González, Elsa* |
| *80682* | *Riveiro Cea, Lidia Mª* |
| *15088* | *Sola Quiroga, José C.* |
| *80454* | *Puente Veiga, Alfonso* |
| *80679* | *Alonso González, Ángel* |
| *15450* | *Quintas Pérez, Manuel* |

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 432 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Limpeza en data 17/12/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

Con data 18.01.16, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal resolve de conformidade do precedente informe.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**B) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO SERVIZO DE MUSEOS PARA OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2016. EXPTE. 27512/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 18.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES.-*
*1.- En data 18/12/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o empregado Ramón Vázquez Martínez (nº persoal 16478) do servizo de Museos, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área.*

*Por parte do servizo solicitante estímanse como máximo un número inferior a 8 horas diarias, a realizar durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2016, para atender servizos derivados da programación de exposicións do servizo de Museos Municipais.*

*2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 07/01/2016 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:*

*I.-Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral,*

*polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicacion expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, asi como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.*

*III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e productividade.*

*Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reduccións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estructurais sen incremento do gasto público.*

*IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*"Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral o empregado municipal adscrito ao servizo de Museos, Ramón Vázquez Martínez (nº persoal 16478).*
*A presente autorización outórgase nun máximo total de 48 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2016, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Museos Municipais en data 18/12/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta*

Con data 18.01.16, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal resolve de conformidade do precedente informe.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

## C) AUTORIZACIÓN HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO TALLER DE VÍAS E OBRAS PARA OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2016. EXPTE. 27472/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 18.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- En data 10/12/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do Taller de Vías e Obras, asinadas polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:*

| *Posto* | *Servizo* | *NP* | *Apelidos e Nome* |
|---|---|---|---|
| *Capataz* | *Parque Central de Servizos* | *13669* | *Martínez González, José Manuel* |
| *Capataz* | *Parque Central de Servizos* | *13681* | *Rodríguez Prieto, Federico* |
| *Capataz* | *Parque Central de Servizos* | *17348* | *Mariño Sanromán, Roberto* |
| *Axudante de Oficios* | *Parque Central de Servizos* | *78823* | *Amoedo Cabaleiro, José Luis* |
| *Oficial fontaneiro* | *Parque Central de Servizos* | *17779* | *Vázquez de Francisco, José Luis* |
| *Xefe de Equipo* | *Parque Central de Servizos* | *13480* | *Alonso Correa, José Fernando* |
| *Axudante de Oficios* | *Parque Central de Servizos* | *80395* | *Portomeñe Correia, Lucía* |
| *Oficial carpinteiro* | *Parque Central de Servizos* | *79148* | *Fernández González, Miguel Angel* |
| *Oficial carpinteiro* | *Parque Central de Servizos* | *77221* | *Castro Regueira, José Carlos* |
| *Oficial* | *Parque Central de* | *17360* | *Bastos Román, Jesús* |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *pavimentador* | *Servizos* | | |
| *Oficial pavimentador* | *Parque Central de Servizos* | *76566* | *López Rivera, Juan Ramón* |
| *Oficial pavimentador* | *Parque Central de Servizos* | *17408* | *Rodríguez Rocha, Rodrigo* |
| *Oficial pavimentador* | *Parque Central de Servizos* | *17390* | *Alonso Cue, Ángel* |
| *Oficial pavimentador* | *Parque Central de Servizos* | *81662* | *González Barros, Delio* |
| *Oficial pavimentador* | *Parque Central de Servizos* | *80672* | *Martínez Barreiro, José Manuel* |
| *Xefe de Equipo* | *Parque Central de Servizos* | *79133* | *Calles Santos, Primitivo* |
| *Oficial Albanel* | *Parque Central de Servizos* | *80492* | *Martínez Vieitez, José Manuel* |
| *Axudante de Oficios* | *Parque Central de Servizos* | *82150* | *Gutiérrez Luis, José Manuel* |
| *Oficial conductor* | *Parque Móbil* | *77650* | *Fernández Riveiro, Javier* |
| *Oficial conductor* | *Parque Móbil* | *13221* | *Prieto Domínguez, Florentino* |
| *Oficial conductor* | *Parque Móbil* | *80659* | *Carballo Magariños, Jesús* |
| *Oficial conductor* | *Parque Móbil* | *15881* | *Alonso Iglesias, Manuel* |
| *Oficial conductor* | *Parque Móbil* | *82143* | *Graña Feijoo, David* |
| *Oficial conductor* | *Parque Móbil* | *82144* | *Troncoso Martínez, Avelino* |
| *Oficial almaceneiro* | *Parque Central de Servizos* | *11854* | *Rodríguez Lestón, Bernardo* |
| *Xefe de equipo* | *Parque Central de Servizos* | *17354* | *Pérez Fernández, José Alfonso* |

*Por parte do servizo solicitante estímanse un total de 1.050 horas, a realizar durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2016, para canalización de augas pluvais, arranxo de afundimentos en calzadas e beirarrúas, limpeza e desatoamento de reixas e entubados de augas pluviais, selado de camiños despois do asfaltado, subministro de materiais e apoio loxístico equipos programa VIGO EMPREGA, Retirada de rebouzas dos camiños, colocación de placas e bastidores para inauguracións, Inspección de traballos contratados externamente e Estendido de sal por mor das xeadas.*

*2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 13/01/2016 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:*

*I.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a*

*xornada mensual compensaranse con descansos a razón dunha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicacion expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, asi como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.*

*III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados ven definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e productividade.*

*Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reduccións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estructurais sen incremento do gasto público.*

*IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo Xunta de Goberno Local de 19/06/2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Taller de Vías e Obras, que seguidamente se indica:*

| *Nº Persoal* | *Apelidos e Nome* |
|---|---|
| *13669* | *Martínez González, José Manuel* |
| *13681* | *Rodríguez Prieto, Federico* |
| *17348* | *Mariño Sanromán, Roberto* |

| | |
|---|---|
| *78823* | *Amoedo Cabaleiro, José Luis* |
| *13787* | *Domínguez Alonso, Daniel* |
| *17779* | *Vázquez de Francisco, José Luis* |
| *13480* | *Alonso Correa, José Fernando* |
| *80395* | *Portomeñe Correia, Lucía* |
| *79148* | *Fernández González, Miguel Ángel* |
| *77221* | *Castro Regueira, José Carlos* |
| *17360* | *Bastos Román, Jesús* |
| *76566* | *López Rivera, Juan Ramón* |
| *17408* | *Rodríguez Rocha, Rodrigo* |
| *17390* | *Alonso Cue, Ángel* |
| *81662* | *González Barros, Delio* |
| *80672* | *Martínez Barreiro, José Manuel* |
| *79133* | *Calles Santos, Primitivo* |
| *80492* | *Martínez Vieitez, José Manuel* |
| *82150* | *Gutiérrez Luis, José Manuel* |
| *77650* | *Fernández Riveiro, Javier* |
| *80659* | *Carballo Magariños, Jesús* |
| *13221* | *Prieto Domínguez, Florentino* |
| *15881* | *Alonso Iglesias, Manuel* |
| *82143* | *Graña Feijoo, David* |
| *82144* | *Troncoso Martínez, Avelino* |
| *11854* | *Rodríguez Lestón, Bernardo* |
| *17354* | *Pérez Fernández, José Alfonso* |

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 1.050 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xaneiro, febreiro e marzo de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Servizo da Unidade de Mantemento de Viais Municipais en data 10/12/2015 , que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

Con data 18.01.16, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal resolve de conformidade do precedente informe.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**D) RENUNCIA PRESENTADA POR DNA. CLARA BARCIELA BALADO AO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 27563/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 20.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*Con data 12 de xaneiro de 2016, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por Dª. Clara Barciela Balado (doc. 160002916), a través da cal renuncia con efectos do 13 de xaneiro de 2016 ao seu nomeamento interino por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral.*

*A interesada foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas con data 01/10/2015 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de agosto de 2015, como auxiliar de administración xeral.*

*De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.*

*Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto da Alcaldía e en Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 12 de xaneiro de 2016 por Dª. Clara Barciela Balado, con DNI 76.998.711-R, nº de persoal 80045, nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral, con efectos do día 13 de xaneiro de 2016, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Estatística, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e*

*Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Con data 21.01.16, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal resolve de conformidade do precedente informe.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**E) RENUNCIA PRESENTADA POR D. ARMANDO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ DO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO AXUDANTE DE OFICIOS. EXPTE. 27561/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 20.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*Con data 15 de xaneiro de 2016, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por Dª. Armando Fernández Álvarez (doc. 160004583), a través da cal renuncia con efectos do 27 de xaneiro de 2016 ao seu nomeamento interino por acumulación de tarefas como axudante de oficios.*

*O interesado foi nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas con data 09/12/2015 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de decembro de 2015, como axudante de oficios.*

*De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.*

*Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto da Alcaldía e en Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 15 de xaneiro de 2016 por D. Armando Fernández Álvarez, con DNI 76.896.061-T nº de persoal 82221, nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas como axudante de oficios, con efectos do día 27 de xaneiro de 2016,*

*de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Segundo.- A presente resolución notifíquese ao interesado, Dirección do Laboratorio Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Con data 21.01.16, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal resolve de conformidade do precedente informe.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**F) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN VOLUNTARIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. MANUEL OLIVEIRA QUINTAS. EXPTE. 27457/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social, do 25.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- A medio de instancia de data 5 de novembro dee 2015, D. Manuel Oliveira Quintas, con DNI 36.002.214-S e nº de persoal 9917, solicita a xubilación voluntaria con efectos do 31/01/2016 aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable de data 30/10/2015, acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.*

*2.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos resultan os seguintes:*

- *Vínculo xurídico: empregado municipal (laboral*
- *Nº de persoal: 9917*
- *Data de nacemento: 31/01/1952*
- *Praza: Operario-Peón, grupo E.*
- *Posto de traballo: Vixiante, código 156, adscrito ao Parque Central de Servizos (código 430).*
- *Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 10.*
- *Contando a data de xubilación aproximadamente con 42 anos de cotización, segundo informativo de vida laboral aportado polo interesado.*

*3.- Achégase ao presente expediente informe favorable da técnica de org. e xestión de recursos humanos do Parque Central de Servizos coa conformidade do Xefe de Área e do Sr. Concelleiro de Fomento, Limpeza e Contratación de data 12/01/2016 en relación con dita petición.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67.2 que procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.*

*II.- Así mesmo, o art. 208.1, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), establece:*

*" 1. El acceso a la jubilación anticipada por voluntad del interesado exigirá los siguientes requisitos:*

> *a) Tener cumplida una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que en cada caso resulte de aplicación según lo establecido en el artículo 205.1.a), sin que a estos efectos resulten de aplicación los coeficientes reductores a que se refiere el artículo 206.*
> *b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 años, sin que, a tales efectos, se tenga en cuenta la parte proporcional por pagas extraordinarias. A estos exclusivos efectos, solo se computará el período de prestación del servicio militar obligatorio o de la prestación social sustitutoria, con el límite máximo de un año.*
> *c) Una vez acreditados los requisitos generales y específicos de dicha modalidad de jubilación, el importe de la pensión a percibir ha de resultar superior a la cuantía de la pensión mínima que correspondería al interesado por su situación familiar al cumplimiento de los 65 años de edad. En caso contrario, no se podrá acceder a esta fórmula de jubilación anticipada. "*

*III.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.*

*IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria do empregado municipal D. Manuel Oliveira Quintas, con DNI 36.002.214-S e nº de persoal 9917, con praza de operario-peón e posto de vixilante, con efectos do 31/01/2016, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) e do informe favorable do servizo.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ó interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Con data 25.01.16, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal resolve de conformidade do precedente informe.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**G) DAR CONTA DO EXPTE.: 27533-220, SOBRE EXECUCIÓN SENTENZA Nº 325, DE 5/10/2015 DO XDO. C-A. Nº 1, NO P.A. 247/2015, INTERPOSTO POR D. JUAN ALONSO PIÑEIRO. EXPTE. 27599/220.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social, do 25.01.16, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a este Servizo de Recursos Humanos sentenza nº 325, de 5 de outubro de 2015, dictada no procedemento abreviado 247/2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo, interposto por D. Juan Alonso Piñeiro, en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.*

*2.- Na indicada sentenza fallase literalmente:*

*"Que debo estimar y estimo en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. Juan Alonso Piñeiro frente al Concello de Vigo, seguido comp proceso abreviado número 247/2015 ante este Juzgado; en consecuencia, debo declarar y declaro que el demandante obtuvo, por silencio administrativo positivo, el derecho a percibir el incentivo por jubilación anticipada por importe de 3.606,07 euros, contenido en la petición dirigida al Concello en fecha 13.10.2014; en consecuencia, condeno a la Administración municipal demandada a ejecutar ese acto administrativo firme mediante el pago de la meritada suma dineraria, más los intereses legales desde esa fecha."*

*3.- Pola Alcaldía tómase coñecemento da anterior resolución xudicial e resolve que se execute nos seus propios termos e no prazo legallmente establecido, segundo proposta do Letrado da Asesoría Xurídica de data 13/10/2015.*

*4.- Efectuados os cálculos correspondentes aos intereses corresponderíalle 200,95 €.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.*

*II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha doble perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demáis resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumplir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.*

*III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".*

*IV. Efectuado RC Nº 10243 pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 22101610400 por importe de 3.851,83 € e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excma. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*"PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 325, de 5 de outubro de 2015, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c-a (p.a) nº 247/2015, interposto por D. Juan Alonso Piñeiro, DNI 35980664-Q, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 3.266,10 € (3.606,07 € principal, menos a retención de IRPF 15% 540,91 máis 200,95 € de intereses) con cargo ao RC 10243 da aplicación orzamentaria 22101610400, que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES6020805082363000008611.*

*SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse ao Servizo de Recursos Humanos a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Con data 25.01.16, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal resolve de conformidade do precedente informe.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**20(83).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE DURANTE O SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 95837/210.**

Mediante escrito de data 15.01.16, cumprindo coas instrucións da base 31ª das de execución do orzamento en vigor, o concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, do 15.01.16, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Seguridade e Mobilidade, no segundo semestre do ano 2015, que son os seguintes:

| Nº EXPTE | DATA DECRETO | PARTIDA | TIPO | ASUNTO | ADXUDICATARIO | RC | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 93552/210 | 10/07/15 | 13302200100 | SUBMINISTROS | Adquisición de libros | XENÉRICO | 45836 | 200,00 € |
| 93854/210 | 03/07/15 | 13302270605 | SERVIZOS | Medición de impacto acústico das Festas de Coia | SONEN | 44656 | 1.827,10 € |
| 94741/210 | 21/09/15 | 13302279905 | SERVIZOS | Prestación de servizo con motivo da Semana Europea da Mobilidade | SPICA S.L | 61700 | 847,00 € |
| 94950/210 | 21/10/15 | 13302260200 | SERVIZOS | Emisión de programas especiais sobre melloras de tráfico na cidade | INICIATIVAS AUDIOVISUAIS VIGO SLU | 67471 | 14.979,80 € |
| 95247/210 | 10/11/15 | 13302219900 | SERVIZOS | Sinalización reservas colexios | API MOVILIDAD | 73041 | 11.999,88 € |
| 95248/210 | 17/11/15 | 13302100000 | SUBMINISTROS | Subministro de sinalización por deterioro e derribos | API MOVILIDAD S.A | 74143 | 8.995,37 € |
| 95359/210 | 13/11/15 | 13302279905 | SERVIZOS | Megafonía con motivo do día mundial en memoria das vitimas de accidentes de trafico | SONIDO COLLAZO, S.L | 74147 | 484,00 € |
| 95560/210 | 07/12/15 | 13302279904 | SERVIZOS | Mantemento extintores Casa Consistorial e Rectorado | ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS | 82359 | 4.022,26 € |
| 95688/210 | 22/12/15 | 13302100000 | SERVIZOS | Sinalización accesos casco vello | API MOVILIDAD S.A | 92088 | 3.650,11 € |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**21(84).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO CONCELLO DE REDONDELA DE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS PARA INSTALACIÓN DE COLECTOR DE REDE DE SANEAMENTO. EXPTE. 3567/440.**

Dáse conta do informe-proposta do técnico de xestión da Área de Fomento, do 22.01.16, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

*I.- ANTECEDENTES DE FEITO*

*1.- En data 16 de outubro de 2015 tivo entrada no Rexitro do Concello de Vigo escrito presentado polo Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Redondela solicitando se conceda a precetiva autorización para cruzar o colector principal sobre a condución xeral de abastecemento de auga a Vigo.*
*Ao citado escrito acompaña Memoria valorada das obras de mellora da rede de Saneamento en Cotarel de Augas de Galicia (Xunta de Galicia) redactada pola Enxeñeira de Camiños, Dna. Eugenia Calvo López. A mesma conten a seguinte documentación:*

- *Memoria*
- *Planos de situación*
- *Orzamento de execución material*

*2.- No expediente foron emitidos os seguintes informes.*

- *Informe de data 6 de novembro de 2015 da Concesionaria de Xestión de Servizo de abastecemento de auguas do Concello de Vigo FCC-Aqualia, favorable á solicitude, nas condicións establecidas no mesmo.*

- *Informe de data 19 de xaneiro de 2016 o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, tamén favorable no mesmo senso.*

*II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS*

*<u>Primeiro</u>.- A realización das obras solicitadas implican un uso común especial do dominio público, configurándose este como aquel que sin impedir o uso común, supón a concurrencia de circunstancias tales como a peligrosidade o intensidade do mesmo (...) que determinan un*

*exceso de utilización sobre o uso que corresponde a todos ou un menoscabo deste (artigos 85 LPAP e 75.1.b RBEL)*

*Segundo.- É regla no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso.*

*Terceiro.- O artigo 77 de RBEL establece que o uso común especial normal suxetarase a licenza axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e paertura ao uso público e aos proceptos de carácter xeral. En definitiva, a autorización ou licenza demanial para este tipo de usos se otorga xereralmente de modo discrecional, xa que se trata dun acto que a administración non te a obriga de conceder e "en precario" porque en puridade non otorga ningún dereito subxetivo sendo revocable pola propia administración en calquera momento por razóns de interese público debidamente xustificadas.*

*Por último, esta autorización non pode otorgarse por tempo indefinido contando cun límite máximo de 99 anos según estable o artigo 79 do RBEL (xa que o apartado 4 do artigo 92 da LPAP que o reduce a 4 anos non ten carácter básico). En todo caso o artigo 91.4 da LPAP establece que as autorizacións e concesións que habiliten para a ocupación de bens de dominio público que sexan necesarios para a execución dun contrato administrativo serán otorgados pola administración que sexa titular e se considerán accesorias de aquel, polo que estarán vinculadas a dito contrato a efectos do seu outorgamento, duración e vixencia (...).*

*Cuarto.- No presente caso os terreos onde se pretenden realizar as obras son titularidade do Concello de Vigo, pero están situados no termo municipal de Redondela. Por todo elo no corresponde a este Concello a autorización das obras (licenza ou aprobación do proxecto) xa que tal e como se establece no artigo 12 da LBRL é no termo municipal -neste caso Vigo- onde o Concello exerce as súas competencias. Tan só corresponde a autorización do uso común especial do dominio público.*

*Quinto.- Competencia.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexilativo 3/2011 de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

*III.- PROPOSTA DE ACORDO*

*Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte* ***acordo:***

*Primeiro.- Autorizar ao Concello de Redondela á ocupación do subsolo para o aproveitamento especial do mesmo, que se delimita nos planos da memoria valorada elaborada para a execución das obras "mellora da rede de saneamento en Cotarel, Redondela" redactada pola*

*Enxeñeira de Camiños Dna. Eugenia Calvo López, por conta de Augas de Galicia, ao obxecto de instalar un colector para a rede de saneamento.*

*Segundo.- A referida autorización concédese baixo as seguintes condicións:*

*1ª.- As obras deberán executarase axustándose ao establecido na citada memoria valorada e so poderán ocupar a porción de dominio público que figura na mesma.*

*2ª.- A autorización para a ocupación do subsolo concédese en precario e sen dereito a indemnización no caso de que revocase por calquera razón de interese público; e a súa duración será a mesma da do contrato ao que se vincula sen que poda exceder de 99 anos.*

*3ª.- Ademais e de conformidade co establecido nos informes técnicos municipais a autorización queda suxeta tamén ás seguintes condicións:*

*a.- A canalización deberá instalarse preferentemente en parelo ao Canal evitando no posible os cruces, e sempre a unha distancia de seguridade que impida calquer dano no mesmo e permita realizar os traballos de reparación e mantemento. Queda prohibida calquera en paralelo no mesmo plano vertical que o do Canal.*

*b.- Si fose necesario realizar cruces sobre a xeneratriz exterior do Canal, estos executaranse a unha distancia de seguridade con tubo enterizo, sen unións nin conexións, evitando en todo momento que a maquinaria pesada traballe sobre o Canal. En ningún caso, a tubería poderá cruzar a sección útil do Canal.*

*c.- Notificarase á concesionaria FCC-Aqualia a data de inicio das obras coa antelación suficiente para que poida efectuar a supervisión das mesmas dende o seu inicio, e aos servizos técnicos da Área de Fomento do Concello de Vigo así como o facultativo Director das obras e o Coordinador de Seguridade e Saúde.*

*d.- Atenderanse en todo momento, as intruccións e criterios constructivos indicados polo personal da concesionaria FCC-Aqualia durante a execución das obras, no que poidan afectar á condución xeral do abstecemento de Vigo.*

*e.- O solicitante será resposnable dos danos e prexuizos que poidan producir no Canal e nos elementos constructivos da traza con motivos das obras.*

*f.- Deberanse realizar pobras de estanqueidade no colector instalado, entregándose os resultados á concesionaria FCC-Aqualia.*

*g.- As distancias mínimas de separación entre o Canal e as distintas conduccións, medidas entre xeneratrices exteriores, serán as indicadas na taboa seguintes:*

- *50 cm. para Auga e saneamento e as separacións mínimas en paralelo serán de 100 cm.*

*4º.- A presente autorización otorgase sen prexuizo da solicitude e obtención dos demais permisos, autorizacións e licenzas legalmente necesarias para a execución das citadas obrs.*

*O presente acordo notifíquese ao Concello de Redondela, ofrecéndello os recursos que legalmente proceda.*

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(85).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE | A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez. | Olga Alonso Suárez.